



# DIARIO OFICIAL DE GALICIA

Ano XV

Xoves, 28 de novembro de 1996

Nº 233

P.V.P. 170 ptas. (IVE incluído)

## SUMARIO

	<u>Páxs.</u>		<u>Páxs.</u>
<b>I. DISPOSICIÓN XERAIS</b>			
<b>CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</b>			
— Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.	10.721	— Resolución do 5 de novembro de 1996, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo 5743/1996, interposto por Manuel Rodríguez Darriba.	10.725
		— Resolución do 13 de novembro de 1996, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo 4797/96, interposto por José Sáenz-Díez Naval e Juan Luis Sáenz-Díez Naval.	10.726
<b>III. OUTRAS DISPOSICIÓN</b>			
<b>CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA</b>		<b>CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES</b>	
— Orde do 12 de novembro de 1996 pola que se clasifican postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.	10.724	— Orde do 15 de novembro de 1996 pola que se establece o réxime de subvencións ás organizacións profesionais do sector agrario.	10.726
<b>CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA</b>		<b>CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS</b>	
— Orde do 25 de outubro de 1996 pola que se fixa determinada contía en relación coa suspensión automática dos actos de contido económico.	10.725	— Decreto 415/1996, do 21 de novembro, polo que se aproba a segregación de parte do termo municipal de Vilanova de Arousa (provincia de Pontevedra), para a posterior constitución dun concello novo e independente, chamado A Illa de Arousa.	10.729
<b>CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA</b>		— Resolución do 18 de setembro de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no <i>Diario Oficial de Galicia</i> do convenio colectivo da empresa <i>Casas Móvil, S.A.</i>	10.730
— Decreto 414/1996, do 21 de novembro, polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola obra AC-443 Negreira-Brandomil, treito A Pereira-Brandomil (clave N/AC/91.35).	10.725		

**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA**

— Resolución do 5 de novembro de 1996 que modifica a delegación das funcións en determinados órganos universitarios.

Páxs.  
10.735

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS  
CONSELLERÍA DE XUSTIZA,  
INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS**

— Orde do 12 de novembro de 1996 pola que se lles outorgan nomeamentos a rexistradores da propiedade para os rexistros vacantes que se citan (número 1 de Vigo e tres máis).

10.737

**CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA**

— Resolución do 24 de outubro de 1996 pola que se ordena a publicación do acordo do pleno do 16 de outubro de 1996 polo que se convoca concurso para o acceso ó corpo de letrados do dito organismo e a provisión de tres prazas vacantes nel.

10.737

**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA**

— Resolución do 8 de novembro de 1996 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de filoloxía grega, do departamento de Latín e Grego, a Francisco Martos Montiel (praza 1338/1995).

10.741

— Resolución do 11 de novembro de 1996 pola que se convoca concurso público para a provisión da praza 1421/1996 e dezanove máis, de corpos docentes universitarios.

10.741

— Resolución do 12 de novembro de 1996 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de filoloxía inglesa, do departamento de Filoloxía Inglesa e Alemana, a Juan Carlos Acuña Fariña (praza 1358/1995).

10.747

— Resolución do 12 de novembro de 1996 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de filosofía, do departamento de Filosofía e Antropoloxía Social, a Marcelino Agis Villaverde (praza 1381/1996).

10.747

**V. ADMINISTRACIÓN  
DE XUSTIZA**

**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA  
E INSTRUCCIÓN DE MUROS**

— Edicto (189/1996).

10.747

**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA  
E INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

— Edicto (205/1996).

10.748

**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA  
E INSTRUCCIÓN NÚMERO DOUS DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

— Cédula de notificación de sentenza (469/1994).

Páxs.  
10.748

— Edicto (141/1993).

10.749

— Edicto (154/1996-02).

10.750

— Edicto (200/1996-02).

10.750

**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA  
E INSTRUCCIÓN NÚMERO CATRO DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

— Cédula de notificación (218/1990).

10.750

**XULGADO DO PENAL NÚMERO UN DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

— Requisitoria (174/1996).

10.751

**VI. ANUNCIOS**

**a) DA ADMINISTRACIÓN  
AUTONÓMICA**

**CONSELLERÍA DE INDUSTRIA  
E COMERCIO**

— Resolución do 16 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 391/1996 A.T.).

10.751

— Resolución do 28 de outubro de 1996, da Dirección Xeral de Industria, pola que se lle autoriza a instalación dunha planta de coxeración de enerxía eléctrica á empresa *Anodizados de Sabón, S.A.*, no concello de Arteixo (A Coruña), e se inclúe no réxime especial creado polo Real decreto 2366/1994. (Expediente 443/1996).

10.752

— Resolución do 28 de outubro de 1996, da Dirección Xeral de Industria, pola que se lle autoriza a instalación dunha planta de coxeración de enerxía eléctrica á empresa *Artabra, S.A.*, no concello de Arteixo (A Coruña), e se inclúe no réxime especial creado polo Real decreto 2366/1994. (Expediente 461/1996).

10.753

— Resolución do 29 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 232/1996 A.T.).

10.754

— Resolución do 29 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 238/1996 A.T.).

10.754

	<u>Páxs.</u>		<u>Páxs.</u>
— Resolución do 29 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 240/1996 A.T.).	10.754	— Resolución do 30 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 300/1996 A.T.).	10.757
— Resolución do 29 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 241/1996 A.T.).	10.755	<b>CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES</b>	
— Resolución do 29 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 251/1996 A.T.).	10.755	— Resolución do 10 de outubro de 1996, da Secretaría Xeral da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, pola que se fai pública a adxudicación do concurso público para a contratación da subministración consistente na adquisición de reactivos, instrumental e equipamento de laboratorio.	10.758
— Resolución do 30 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 370/1995 A.T.).	10.755	— Resolución do 25 de outubro de 1996, do Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural de Lugo, pola que se anuncia a toma de posesión definitiva dos predios de substitución na zona de Teivilide (Samos-Lugo).	10.758
— Resolución do 30 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 233/1996 A.T.).	10.755	— Resolución do 31 de outubro de 1996, do Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural de Lugo, pola que se anuncia a toma de posesión definitiva dos predios de reemprazo na zona de Burgo de Negral (Friol-Lugo).	10.758
— Resolución do 30 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 243/1996 A.T.).	10.756	— Aviso do 17 de outubro de 1996, da Xefatura de Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural da Coruña, da toma de posesión provisoria de predios da zona de concentración parcelaria de Arzúa-A Mella-Viladavil (Arzúa-A Coruña).	10.759
— Resolución do 30 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 250/1996 A.T.).	10.756	— Aviso do 31 de outubro de 1996, da Xefatura de Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural da Coruña, da aprobación do acordo de concentración parcelaria da zona de Rodeiro-Bandoxa (Oza dos Ríos-A Coruña).	10.759
— Resolución do 30 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se declara de utilidade pública a instalación eléctrica que se cita. (Expediente 265/1996 A.T.).	10.756	<b>CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS</b>	
— Resolución do 30 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se declara de utilidade pública a instalación eléctrica que se cita. (Expediente 273/1996 A.T.).	10.756	— Resolución do 15 de novembro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se anuncia concurso público, por procedemento aberto e trámite de urxencia, para a contratación dos servizos de cafeterías, perruquerías e podoloxía nos centros dependentes desta delegación provincial.	10.760
— Resolución do 30 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 293/1996 A.T.).	10.757	— Cédula do 4 de novembro de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se comunica o acordo dictado polo secretario xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais con data 17 de setembro.	10.761
— Resolución do 30 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 294/1996 A.T.).	10.757		

	<u>Páxs.</u>		<u>Páxs.</u>
— Cédula do 4 de novembro de 1996, do Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública da Dirección Xeral de Saúde Pública, pola que se notifica a resolución do expediente sancionador 14/1996 por infraccións en materia sanitaria.		— Resolución do 20 de novembro de 1996 pola que se anuncia concurso con procedemento aberto para a subministración de seis módulos interactivos con destino á Casa das Ciencias.	10.767
<b>CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA</b>			
— Orde do 11 de abril de 1996 pola que se declara a caducidade da batea de cultivo denominado Suafer número 3, sito na cuadrícula número 24 do polígono A de Redondela.	10.761	— Resolución do 21 de novembro de 1996 pola que se anuncia poxa con procedemento aberto para a execución das obras comprendidas no proxecto de mellora do camiño arredor do cemiterio de Feáns.	10.767
<b>CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS</b>		<b>CONCELLO DE CAMBADOS</b>	
— Resolución do 7 de novembro de 1996, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai público o depósito da acta de constitución e estatutos da <i>Asociación Facultativa Galega de Practicantes Titulares</i> .		— Edicto.	10.768
<b>CONSELLERÍA DE FAMILIA, MULLER E XUVENTUDE</b>		— Edicto.	10.768
— Resolución do 11 de novembro de 1996, da Secretaría Xeral da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, pola que se anuncia concurso público polo procedemento aberto para a contratación dun servizo para o desenvolvemento do programa Vive a Neve 97 na estación de esquí de Sierra Nevada (Granada).	10.763	<b>CONCELLO DE GONDOMAR</b>	
— Resolución do 11 de novembro de 1996, da Secretaría Xeral da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, pola que se anuncia concurso público polo procedemento aberto para a contratación dun servizo para o desenvolvemento do programa Vive a Neve 97 na estación de esquí de Andorra.	10.764	— Anuncio.	10.768
<b>INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO</b>		<b>CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS</b>	
— Resolución do 25 de outubro de 1996 pola que se lle concede a acreditación de laboratorio de ensaios para o control de calidade da construción ó laboratorio <i>Corcontrol, S.A.</i>	10.766	— Concurso para a construción do edificio multiusos.	10.769
		<b>CONCELLO DE SANXENXO</b>	
		— Anuncio.	10.769
		— Anuncio.	10.769
		— Aprobación definitiva da modificación puntual das NN.SS.MM. para delimitación entre o SAU-7 e a Ordenanza 4G2 no Vicaño (Sanxenxo).	10.770
		<b>CONCELLO DE SARRIA</b>	
		— Anuncio.	10.770
		<b>CONCELLO DE VERA</b>	
		— Anuncio.	10.770
		<b>DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA</b>	
		— Resolución do 8 de novembro de 1996 pola que se aproba a convocatoria do concurso específico entre funcionarios para prover postos de traballo vacantes nesta corporación, de conformidade coas normas de provisión aprobadas polo Pleno da Corporación na sesión do 24 de abril de 1992.	10.771

#### b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

##### CONCELLO DA CORUÑA

- Resolución do 18 de novembro de 1996 pola que se anuncia poxa con procedemento aberto para a execución das obras comprendidas no proxecto de pavimentación e reforma dos accesos ó parque de bombeiros (2ª fase).

10.766

#### EDICION E ADMINISTRACIÓN

**Secretaría Xeral da  
Consellería da Presidencia  
e Administración Pública**

Edificio San Caetano  
Teléfonos 544268 – 544270  
Fax 544272 – 544273  
Santiago de Compostela  
ISSN 1.130-9229  
Depósito Legal C. 73-1982

IMPRIME  
La Voz de Galicia, S.A.  
R/. Concepción Arenal, 11-13  
A Coruña



## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.*

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, determina que a educación primaria e a educación secundaria obrigatoria constitúen o ensino básico que comprenderá dez anos de duración, iniciándose ós seis anos e rematándose ós dezaseis. Así mesmo, o artigo 3.5º establece que estas ensinanzas se adecuarán ás características dos alumnos e das alumnas con necesidades educativas especiais.

Deste xeito, a devandita lei establece no seu artigo 36 os principios de normalización e integración escolar para atende-lo alumnado con necesidades educativas especiais, e dispón que a identificación e valoración destas necesidades as realicen equipos integrados por profesionais cualificados.

Igualmente, no seu artigo 37 determínase, entre outras condicións, que os centros deberán contar coa debida organización escolar e realiza-las adaptacións curriculares necesarias, así como que a atención ós alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais deberá iniciarse desde o momento da súa detección, e que a Administración educativa regulará e favorecerá a participación das familias nas decisións que afecten a escolarización destes alumnos.

O artigo 1 do Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais na Comunidade Autónoma de Galicia, inclúe entre as necesidades educativas especiais as asociadas a condicións de sobredotación. Do mesmo xeito, o seu artigo 3.4º determina que a identificación daqueles alumnos que deban seguir apoios e medios complementarios efectuarase por parte dos servizos da Administración educativa.

Ó mesmo tempo, o artigo 4 do devandito decreto establece a posibilidade de que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria modifique a duración da escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais, quedando ademais especificado na disposición adicional primeira que a Administración educativa deberá establecer-las condicións e o procedemento para flexibilizar, con carácter excepcional, o período de escolarización obrigatoria dos alumnos con sobredotación.

A Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral, especifica no seu artigo 5 que as

adaptacións curriculares suporán a modificación de todos ou dalgún dos elementos prescritivos do currículo para atende-las necesidades educativas especiais dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais. Así mesmo, no seu artigo 6 establece que as adaptacións estarán tamén dirixidas a aqueles alumnos e alumnas que, por posuír calidades excepcionais, non poden seguir-lo proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.

Por outra banda, a Orde do 24 de abril de 1996 (*Boletín Oficial del Estado* do 3 de maio), pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar, con carácter excepcional, a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual, posúe carácter de norma básica, tal e como se sinala na súa disposición derradeira primeira, en virtude da competencia estatal para regula-las condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais válidos en todo o territorio español.

Polo tanto, en resposta á nova ordenación da educación dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual, cómpre establecer unha normativa que concrete as condicións e o procedemento para flexibiliza-lo período de escolarización destes alumnos.

Así, a presente orde establece os criterios de flexibilización do período de escolarización e determina as características dos informes psicopedagóxicos e o procedemento de solicitude e de acreditación administrativa no correspondente expediente académico, así como as medidas de carácter curricular que han posibilitar, dentro do contexto escolar ordinario, o máximo desenvolvemento das potencialidades dos alumnos e alumnas sobredotados intelectualmente.

Por todo o exposto, e en virtude da disposición derradeira do Decreto 320/1996 e da disposición derradeira segunda da orde do 24 de abril de 1996, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

#### DISPÓN

Primeiro.-Obxecto.

O obxecto desta orde é regula-las condicións e o procedemento para flexibilizar, con carácter excepcional, a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual, así como adecua-la súa avaliación psicopedagóxica e determina-lo sistema de rexistro das medidas curriculares excepcionais adoptadas con estes alumnos.

### Segundo.-Ámbito de aplicación.

A presente orde será de aplicación en tódolos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan as ensinanzas de réxime xeral.

### Terceiro.-Criterios xerais.

1. Considérase flexibilización do período de escolarización tanto a anticipación do inicio da escolarización obrigatoria como a redución da duración dun ciclo educativo do ensino básico.

2. A redución do período de escolarización obrigatoria será dun máximo de dous anos. Esta redución máxima non se poderá aplicar durante a mesma etapa educativa.

3. O inicio da escolarización obrigatoria poderá anticiparse un ano, nas condicións que se establecen na presente orde.

4. A sobredotación intelectual dun alumno ou alumna deberá ser acreditada mediante a avaliación psicopedagóxica correspondente. Nela deberase prever que a medida de flexibilización do período de escolarización é adecuada para o desenvolvemento do equilibrio persoal e da socialización do alumno ou alumna.

5. A decisión de reduci-lo período de escolarización obrigatoria irá acompañada das pertinentes medidas curriculares que fagan posible que a flexibilización do período escolar non se limite a un simple adianto de curso.

6. Cando, a resultas da avaliación psicopedagóxica, se prevea a posibilidade de flexibiliza-lo período de escolarización obrigatoria dun alumno, manterase informados ós seus pais ou titores legais, que deberán da-la súa conformidade por escrito. Do mesmo xeito, informarase tamén ó propio alumno.

7. Os alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións de sobredotación intelectual serán escolarizados en centros ordinarios.

8. As adaptacións curriculares que se realicen para estes alumnos promoverán o desenvolvemento pleno e equilibrado das capacidades establecidas nos obxectivos xerais da educación obrigatoria.

9. Tanto a decisión de reduci-lo período de escolarización obrigatoria como as medidas curriculares que a acompañen estarán suxeitas a un proceso continuado de avaliación, podendo anularse tal decisión cando o alumno non alcance os obxectivos propostos. Do mesmo xeito, esta anulación terá tamén carácter reversible.

### Cuarto.-Criterios específicos.

1. Poderá anticiparse un ano a escolarización no primeiro curso de educación primaria cando na avaliación psicopedagóxica, unha vez acreditada a sobredotación intelectual do alumno, se prevea que a dita medida é a máis axeitada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e da súa socialización, e que globalmente ten adquiridos os obxectivos de educación infantil.

2. Poderá reducirse un ano a escolarización en educación primaria cando na avaliación psicopedagóxica que acredite a sobredotación intelectual do alumno se prevea que a dita medida é a máis axeitada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e da súa socialización, e que globalmente ten adquiridos os obxectivos do ciclo que lle corresponde cursar. Non poderán acollerse a este apartado aqueles alumnos que xa anticiparan o inicio da súa escolarización obrigatoria.

3. Poderá reducirse un ano a escolarización na educación secundaria obrigatoria cando na avaliación psicopedagóxica que acredite a sobredotación intelectual do alumno se prevea que a dita medida é a máis axeitada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e da súa inserción social, e que globalmente ten adquiridos os obxectivos do ciclo ou curso que lle corresponde cursar.

### Quinto.-A avaliación psicopedagóxica.

1. Para que un alumno poida acollerse ás medidas de atención a que se refire a presente orde terase en conta a avaliación psicopedagóxica realizada polos equipos psicopedagóxicos de apoio do sector dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. En todo caso, estes deberán solicitar información do equipo docente que atende ou atendeu o alumno ou alumna en cuestión.

2. Para os efectos desta orde, un alumno ou alumna poderá ser considerado sobredotado se demostra cando menos posuír unha intelixencia moi superior á media e un nivel alto de creatividade.

3. Ademais do sinalado no punto anterior, a avaliación psicopedagóxica destes alumnos haberá de reunir información sobre aspectos como os seguintes:

a) Referentes ó ámbito persoal do alumno ou alumna: o nivel das capacidades persoais en relación coas que desenvolve o currículo, debendo quedar reflectidos, se é o caso, os posibles desequilibrios entre os diferentes aspectos intelectual, psicomotor e afectivo; o autoconceito e o nivel de autoestima; os estilos de aprendizaxe, a súa perseveranza na tarefa e o ritmo de aprendizaxe; a súa habilidade para formular e resolver problemas; a concreción das áreas, os contidos e o tipo de actividades que prefire; os seus intereses...

b) Referentes ó contexto escolar: o tipo de interaccións que o alumno en cuestión establece cos demais compañeiros e cos profesores.

c) Referentes ó contexto familiar: o grao de comprensión da familia sobre as características e o tratamento da sobredotación intelectual; os recursos culturais, económicos e sociais da familia e do seu contorno que poidan contribuír ó mellor desenvolvemento integral do alumno ou alumna.

4. Os aspectos sinalados no punto anterior, máis aqueloutros que se consideren oportunos, recolle-ranse nun informe no que se deberá propoñe-la pertinencia ou non da flexibilización do período de escolarización e as adaptacións do currículo que se suxiren.

5. Aconsellarase a anticipación do inicio da escolarización obrigatoria ou a redución do período de escolarización cando, realizada a avaliación psicopedagóxica, se comprobe que o alumno ten acadados os obxectivos da etapa, ciclo ou curso e se prevexa que esta medida é a máis axeitada para o seu desenvolvemento persoal e social.

6. Aconsellarase unha adaptación curricular de ampliación dentro do curso que lle corresponda por idade cando, realizada a avaliación psicopedagóxica, se comprobe que o alumno obtén un rendemento excepcional nun número limitado de áreas ou cando, aínda obtendo un rendemento global alto e continuado, se detectara desequilibrio co ámbito afectivo e de inserción social.

Sexto.-Medidas curriculares.

1. A adaptación curricular para un alumno con sobredotación intelectual pode referirse tanto ó enriquecemento dos obxectivos e contidos como á flexibilización dos criterios de avaliación ou á metodoloxía, da que se modificará o tipo de actividades, os materiais e a secuencia dos contidos, se é o caso.

2. Para todo o referido ás adaptacións curriculares haberá que a terse ó disposto na Orde do 6 de outubro de 1995 (*Diario Oficial de Galicia* do 7 de novembro) pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

3. De acordo coas dispoñibilidades do centro, desde os primeiros niveis de escolarización e durante a educación obrigatoria o alumno con sobredotación intelectual poderá seguir medidas de enriquecemento que fagan posible o desenvolvemento da creatividade.

4. Tanto en educación primaria como en educación secundaria obrigatoria a adaptación do currículo para alumnos e alumnas con sobredotación intelectual poderá considerar que se curse no nivel inmediatamente superior unha ou varias áreas ou materias, optativas ou non, cando se valore que o seu rendemento nelas é alto e continuado e que teñen adquiridos os obxectivos que para elas se establecen no ciclo ou nivel que lles corresponde cursar.

5. Igualmente, poderanse utilizar fórmulas flexibles de organización grupal que faciliten a incorporación deste tipo de alumnos a grupos de diferente nivel de competencia curricular ó que lle corresponde por idade.

6. A avaliación das aprendizaxes destes alumnos naquelas áreas ou materias que foran obxecto de adaptacións curriculares efectuarase tomando como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados para eles.

Sétimo.-Procedemento para solicita-la flexibilización do período de escolarización.

O procedemento para solicita-la anticipación da escolarización ou a redución da duración dun ciclo no ensino obrigatorio será o que segue:

1. Cando desde o contorno familiar ou escolar se manifestaran indicios de que determinado alumno ou alumna podería posuír necesidades educa-

tivas especiais asociadas a sobredotación intelectual, a dirección do centro, coa conformidade dos pais e nais ou titores legais ou ordinarios do interesado, ou das persoas ou institucións que ostenten a garda e protección dos menores, solicitaralle ó departamento de orientación do centro, se é o caso, ou ó equipo psicopedagóxico de apoio do sector correspondente que realice unha avaliación individual psicopedagóxica.

2. Unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica segundo o que se establece no artigo cuarto da presente orde, a dirección do centro elevará ó inspector de educación que lle corresponda, durante o período comprendido entre o 1 e o 15 de xuño, a solicitude de flexibilización do período de escolarización, que deberá incluí-la seguinte documentación:

a) O informe do profesor titor que coordine o equipo de docentes que imparte ou impartiu docencia ó alumno ou alumna en cuestión.

b) O informe sobre o resultado da avaliación psicopedagóxica realizada polo equipo psicopedagóxico de apoio do sector e o departamento de orientación do centro, se é o caso.

c) A proposta concreta de adaptación do currículo, na que se recollan os obxectivos, contidos e criterios de avaliación que se propoñen, así como as opcións metodolóxicas que se consideren adecuadas, entre as que se recollerán as decisións relativas ó agrupamento, ós materiais e á distribución de espazos e tempos.

d) A conformidade dos pais ou titores legais respecto ó adianto de curso.

3. A inspección educativa elaborará un informe sobre a idoneidade ou non da proposta de flexibiliza-lo período de escolarización, así como das medidas de adaptación curricular que a acompañan.

4. A delegación provincial correspondente remitiralle antes do 30 de xuño a documentación sinalada nos puntos 2 e 3 do artigo 7 desta orde ó director xeral de Ordenación Educativa e de Formación Profesional, quen resolverá no prazo dun mes e enviará comunicación á delegación provincial e á dirección do centro para o seu traslado ós interesados, de xeito que o alumno poida ser adecuadamente escolarizado.

Oitavo.-Rexistro das medidas excepcionais adoptadas.

1. A anticipación da escolarización consignarase no expediente académico do alumno dentro do apartado Datos médicos e psicopedagóxicos relevantes, mediante a expresión Flexibilización do período obrigatorio de escolarización: anticipación. No antedito expediente incluírase tamén o informe psicopedagóxico e a adaptación curricular realizada.

2. A redución do período de escolarización, coa concreción do ciclo ó que afecta, consignarase no expediente académico do alumno dentro do apartado Datos médicos e psicopedagóxicos relevantes,

mediante a expresión Flexibilización do período obrigatorio de escolarización: redución. No expediente incluírse tamén o informe psicopedagóxico e a adaptación curricular realizada.

3. A flexibilización do período de escolarización consignarase tamén no apartado Observacións do libro de escolaridade do ensino básico, mediante a dilixencia correspondente na que deberá constar a data da resolución pola que se autorizou esta medida excepcional.

4. Incluírse tamén no conxunto do expediente académico do alumno a resolución pola que se autoriza a anticipación ou a redución do período obrigatorio de escolarización.

5. Cando un alumno non alcanzara os obxectivos que se pretendían coa flexibilización da duración da educación primaria, a avaliación rexistrarase no libro de escolaridade ó finaliza-lo segundo curso do ciclo que se pensara, nun principio, reducir.

6. Cando un alumno non alcanzara os obxectivos que se pretendían coa flexibilización da duración da educación secundaria obrigatoria, a avaliación rexistrarase no libro de escolaridade ó finaliza-lo segundo curso se a proposta fora para reducir a duración do primeiro ciclo. Se a proposta fose, en cambio, para adiantarse en terceiro ou en cuarto curso, rexistrarase a avaliación por separado en cada un dos cursos.

7. Cando o alumno se traslade de centro, o de procedencia remitirá -ademais dos documentos básicos establecidos no punto décimo sexto da orde do 6 de maio de 1993, reguladora da avaliación na educación primaria, e no punto décimo segundo da Orde do 25 de abril de 1994 sobre avaliación na educación secundaria obrigatoria, segundo corresponda- unha copia do informe de avaliación psicopedagóxica realizado no seu día polos equipos psicopedagóxicos de apoio do sector, da resolución de autorización correspondente e da adaptación curricular realizada.

8. Cando o centro solicite os libros de escolaridade para o alumnado do primeiro curso de educación primaria incluír na relación os alumnos con sobredotación intelectual que se incorporen ó dito curso un ano antes do que lles correspondería por idade, xuntando á solicitude unha copia das resolucións individuais de autorización.

9. O rexistro das adaptacións curriculares axustarase ó disposto no apartado 2 dos artigos 10 e 14 da Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral, debéndose garantir, en todo caso, o seu carácter confidencial.

10. Cando un alumno curse materias do curso inmediatamente superior, farase constar esta circunstancia no expediente académico, nas actas de avaliación e no informe individual de avaliación. Nas actas de avaliación e no libro de escolaridade consignarase mediante dilixencia no apartado Observacións sobre a escolaridade.

11. Os documentos relativos á avaliación psicopedagóxica levarán constancia do seu carácter con-

fidencial co cuño correspondente. A súa custodia será competencia do departamento de orientación, se é o caso, ou do equipo psicopedagóxico de apoio, e trasladarase ó expediente do alumno só aquela información relevante para a intervención pedagóxica dos docentes. Esta información levará igualmente o cuño de confidencialidade.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e de Formación Profesional para dictar, no ámbito das súas competencias, as instrucións oportunas para o desenvolvemento e aplicación do disposto nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 1996.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Orde do 12 de novembro de 1996 pola que se clasifican postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.*

Por Decreto 380/96, do 17 de outubro, da Consellería de Xusticia, Interior e Relacións Laborais, apróbase a agrupación voluntaria dos concellos de Ourel e Muras, da provincia de Lugo, para sostemento en común dun posto único de Secretaría-Intervención, nos termos dos seus Estatutos.

Sendo necesario clasifica-lo devandito posto de traballo, reservado a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, esta Consellería da Presidencia e Administración Pública, de conformidade co establecido nos artigos 2.c) e 9 do R.D. 1732/1994, do 29 de xullo, e no uso das facultades que lle confire o artigo 13.2.17 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia,

#### *DISPÓN:*

Clasifica-lo posto de Secretaría-Intervención da agrupación voluntaria dos concellos de Ourel e Muras, da provincia de Lugo, reservado a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, conforme a seguir se especifica:

-Clase: terceira.

-Subescala: Secretaría-Intervención.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 1996.

Dositeo Rodríguez Rodríguez

Conselleiro da Presidencia e Administración Pública



## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Orde do 25 de outubro de 1996 pola que se fixa determinada contía en relación coa suspensión automática dos actos de contido económico.*

Entre as garantías que terá que constituí-lo reclamante para obter a suspensión automática dos actos de contido económico, de conformidade co establecido no apartado 6 do artigo 75 do Real decreto 391/1996, do 1 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de procedemento nas reclamacións económico-administrativas, atópase a fianza persoal e solidaria prestada por dous contribuíntes da localidade de recoñecida solvencia, pero só para os débitos que non excedan da contía que para este efecto sexa fixado por orde.

Pois ben, cómpre acouta-lo límite ata o que sería admisible neste tipo de garantía. En consecuencia,

### DISPOÑO:

Artigo único.—Fíxase en 100.000 ptas. A contía máxima dos débitos mencionados no artigo 75, apartado 6, letra c) do Regulamento de procedemento nas reclamacións económico-administrativas aprobado por Real decreto 391/1996, do 1 de marzo.

### Disposición final

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 1996.

José Antonio Orza Fernández  
Conselleiro de Economía e Facenda

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

*Decreto 414/1996, do 21 de novembro, polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola obra AC-443 Negreira-Brandomil, treito A Pereira-Brandomil (clave N/AC/91.35).*

Con data do 30 de outubro do 1996 o director xeral de Obras Públicas e Transportes por delegación do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda aprobou o proxecto da obra AC-443 Negreira-Brandomil, treito A Pereira-Brandomil. Clave N/AC/91.35.

Os bens e dereitos nos que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferen-

cias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, considerándose xustificada para lles dar continuidade ás actuacións no itinerario e por contar co financiamento da Comunidade Europea.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación co previsto no artigo 8 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, por proposta do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e logo da deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día vinteun de novembro de mil novecentos noventa e seis,

### DISPOÑO:

Artigo único.—Declara-la utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo instruído, para efectos de expropiación no proxecto da obra AC-443 Negreira-Brandomil, treito A Pereira-Brandomil. Clave N/AC/91.35.

Santiago de Compostela, vinteun de novembro de mil novecentos noventa e seis.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Cuña Crespo  
Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

*Resolución do 5 de novembro de 1996, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo 5743/1996, interposto por Manuel Rodríguez Darriba.*

Para os efectos de dar cumprimento ó solicitado polo presidente da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en relación co recurso contencioso-administrativo número 5743/1996, interposto por Manuel Rodríguez Darriba, contra desestimación presunta por silencio do recurso ordinario de 07-03-94, contra acordo da CPU de Pontevedra de 14-04-93, que aprobou as NN.SS.P. do Concello de Forcarei, esta consellería resolveu ordena-la remisión do expediente administrativo ó dito tribunal.

O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento e son emprazadas para que poidan comparecer nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de nove

días, segundo dispón o artigo 64 da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa, reformada pola Lei 10/1992, do 30 de abril.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 1996.

José Antonio Fernández Vázquez  
Secretario xeral de Política Territorial, Obras  
Públicas e Vivenda

*Resolución do 13 de novembro de 1996, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo 4797/96, interposto por José Sáenz-Díez Naval e Juan Luis Sáenz-Díez Naval.*

Para os efectos de lle dar cumprimento ó solicitado polo presidente da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en relación co recurso contencioso-administrativo número 4797/96 interposto por José Sáenz-Díez Naval y Juan Luis Sáenz-Díez Naval, contra certificación acto presunto da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, do 29-1-1996, dictada no recurso ordinario interposto contra resolución da Comisión Provincial de Urbanismo de Pontevedra, do 7-10-1994, que ratifica o acordo do 20-12-1993, sobre aprobación definitiva das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Cangas, esta consellería resolveu ordena-la remisión do expediente administrativo ó dito tribunal.

O que se notifica para xeral coñecemento de tódalas persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de nove días segundo dispón o artigo 64 da Lei de xurisdicción contencioso-administrativa, reformada pola Lei 10/1992, do 30 de abril.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 1996.

José Antonio Fernández Vázquez  
Secretario xeral da Consellería de Política Terri-  
torial, Obras Públicas e Vivenda

## **CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES**

*Orde do 15 de novembro de 1996 pola que se establece o réxime de subvencións ás organizacións profesionais do sector agrario.*

O Decreto 195/1994, do 16 de xuño, establece o réxime de axudas ás organizacións profesionais do sector agrario fixando as regras xerais de procedemento e os criterios básicos ós que se debe suxeita-la concesión de axudas ás ditas organiza-

cións profesionais. Nel habilítase a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para que a desenvolva tanto en materia de subvencións, como no relativo á subscrición de convenios de colaboración.

En consecuencia, e de conformidade co disposto no artigo 30.1.3º do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

### **DISPOÑO:**

Artigo 1º.-Obxecto.

A presente orde ten por obxecto regula-las subvencións ás organizacións profesionais do sector agrario pola realización de actividades de representación e de formación dos seus asociados e dos agricultores galegos en xeral.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán beneficiarse das axudas establecidas na presente orde as organizacións profesionais vinculadas co sector agrario e as organizacións representativas das cooperativas agrarias, legalmente establecidas e das que o obxecto social inclúa a representación profesional dos seus asociados.

Para a concesión destas axudas atribuirase carácter preferente a aquelas entidades que teñan carácter xeral.

Artigo 3º.-Avaliación das solicitudes e dos seus importes.

1. A concesión das subvencións farase depender da natureza e alcance das accións realizadas, de acordo cos obxectivos descritos no artigo 1º desta orde.

Na súa avaliación terase en conta, como criterio preferente, o grao de implantación daquelas organizacións no sector agrario galego. Outros criterios que se apreciarán son os que fan referencia ó grao de dependencia económico que teñen estas organizacións respecto das axudas públicas para o desenvolvemento das súas actividades, o interese e calidade das actuacións realizadas, a experiencia na realización das actividades mesmas e os medios utilizados en cada caso.

2. Para tal efecto, as entidades peticionarias deberán acreditar, se é o caso, mediante certificación expedida polo seu presidente, os seguintes extremos:

- a) Número de socios.
- b) Número e localización de oficinas abertas, horario de atención ó público, servicios que prestan.
- c) Subsectores agrarios nos que se atopa implantada e a entidade da dita presenza.
- d) Número de traballadores, con especificación das tarefas que realizan e duración do seu contrato. A este respecto xuntarase fotocopia compulsada dos contratos de traballo e copia auténtica dos documentos de cotización á Seguridade Social do último ano.

e) Orzamentos de gastos anual da entidade, ó que se xuntará certificación do acordo de liquidación do orzamento do ano anterior. Se pertencen a unha organización de ámbito estatal, deberá facerse especificación da contía da súa aportación.

f) Subvencións recibidas no último ano, por tódolos conceptos, procedentes das administracións públicas.

3. Así mesmo acreditarán mediante certificacións expedidas polos organismos públicos competentes os requisitos esixidos pola Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia.

Artigo 4º.-Actividades subvencionables.

Serán obxecto de subvencións as seguintes actividades:

a) Representación perante as institucións autonómicas.

b) Participación nas comisións, mesas de traballo ou calquera órgano colexiado, que, para a defensa dos dereitos dos seus representados, constituíra a Administración autonómica.

c) Formación dos asociados e das súas familias, así como dos xerentes das cooperativas agrarias.

d) Impulso do asociacionismo agrario.

Artigo 5º.-Subscripción de convenios de colaboración.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, de conformidade co disposto na normativa orzamentaria, poderá subscribir convenios de colaboración coas organizacións citadas para a realización de actividades específicas que se consideren de elevado interese. Os convenios de colaboración rexeranse polas súas disposicións específicas.

Artigo 6º.-Presentación de solicitudes.

As solicitudes de subvención deberán presentarse no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes presentaranse mediante instancia, dirixida ó conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, segundo o modelo que se xunta, no rexistros dos servizos centrais e periféricos da consellería ou por calquera dos medios e perante os rexistros que se especifican no artigo 38 na vixente Lei réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ás solicitudes xuntaranse os documentos que acrediten en cada caso as circunstancias descritas no artigo 3º da presente orde.

Artigo 7º.-Resolución.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, resolverá no prazo dun mes, contado a partir da

data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, a concesión das subvencións previstas na presente orde.

Na falta de resolución expresa, deberá entenderse desestimada a solicitude de subvención.

Artigo 8º.-Xustificación do destino das axudas.

As entidades beneficiarias desta axudas poderán percibir pagamentos parciais dos gastos realizados a medida que os vaia xustificando, ata un máximo do 80% do importe total da subvención que lle fora concedida. As subvencións ás que se refire esta orde son incompatibles con calquera outra que se aplicara á mesma actividade.

O pagamento das citadas axudas, tanto no relativo ós pagamentos parciais como o definitivo, farase efectivo contra a presentación dunha memoria da asociación na que se concretan as actividades desenvolvidas, acompañada dunha certificación do servizo competente na que se acredita seren certos os datos manifestados pola asociación.

#### *Disposición adicional*

Primeira.-As subvencións e os convenios de colaboración contidos na presente orde aboaranse con cargo á partida orzamentaria 09.01.611A.480 «Axudas a organizacións profesionais agrarias» dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997, cunha dotación de 49.000.000 de pesetas (corenta e nove millóns de pesetas). Para os convenios de colaboración reservárase un 20% da dotación orzamentaria citada.

Segunda.-Mentres non se produza a aprobación e conseguinte publicación dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997, as solicitudes que se orixinen como consecuencia da publicación da orde de subvención serán tramitadas de conformidade e cos efectos contidos na orde da Consellería de Economía e Facenda do 2 de xuño de 1986 (DOG nº 18, do 19-6-1986), modificada pola Orde do 18 de outubro de 1991 (DOG nº 229, do 26-11).

A dotación orzamentaria está contida no proxecto dos orzamentos para 1997.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o secretario xeral da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para que dicte as normas e instrucións precisas para a execución da presente orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 1996.

Tomás Pérez Vidal  
Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes



**CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES**

PROCEDEMENTO <b>RÉXIME DE SUBVENCIÓNS ÁS ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS DO SECTOR AGRARIO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>AG205B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

**Como presidente /a da entidade:**

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
		FAX

**EXPÓN:**

- 1.- Que a Orde do 15 de novembro de 1996 regula a concesión de axudas para a realización de actividades de representación e de formación de asociados e de agricultores galegos en xeral.
- 2.- Que a organización profesional do sector agrario arriba indicada está legalmente constituída e axústase ó establecido na dita orde.
- 3.- Que se xunta a esta solicitude a documentación específica para a/s axuda/s solicitada/s.

**SOLICITA:**

Que lle sexa concedida a/s subvención/s prevista/s na dita orde da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, consistente/s en :

**ORZAMENTO**

I. ACTIVIDADES DE REPRESENTACIÓN E DE FORMACIÓN .....

LEGISLACIÓN APLICABLE Orde do 15 de novembro de 1996 pola que se establece o réxime de subvencións ás organizacións profesionais do sector agrario.
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA  _____ de _____ de 199

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Sr. Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes.

## CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

*Decreto 415/1996, do 21 de novembro, polo que se aproba a segregación de parte do termo municipal de Vilanova de Arousa (provincia de Pontevedra), para a posterior constitución dun concello novo e independente, chamado A Illa de Arousa.*

Pola maioría dos veciños residentes na parroquia de San Xulián de Arousa, pertencente ó municipio de Vilanova de Arousa, iniciouse expediente relativo á alteración do seu termo municipal, consistente na segregación de parte do seu territorio para constituír un concello novo e independente, que se chamaría A Illa de Arousa, na provincia de Pontevedra.

Para o efecto de xustifica-la súa petición de segregación, aducíronse razóns históricas, sociolóxicas e económicas, alegándose, ademais, que contan con poboación e recursos suficientes para constituír un concello independente, non quedando minguada a solvencia do concello matriz.

O expediente foi tramitado conforme os principios contidos no artigo 13 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 2 ó 9 do R.d.l. 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; e 2 ó 17 do R.d. 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais.

Así, no que respecta ó procedemento, constituíuse a correspondente comisión promotora que levou a cabo o seu cometido de integrar debidamente o expediente, xuntando nel toda a documentación requirida, e elevándoo, posteriormente, ó Concello de Vilanova de Arousa que o someteu a información pública polo prazo de trinta días. O Pleno do devandito concello adoptou acordo favorable á segregación en sesión plenaria celebrada o 25 de xaneiro de 1995, no sentido de remiti-lo expediente á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais por se-la competente en materia de réxime local, conforme o Decreto 13/1994, do 20 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da citada consellería.

A Deputación Provincial de Pontevedra emitiu, por acordo maioritario, informe favorable á segregación, e o Consello de Estado a deu o seu dictame favorable.

Polo que se refire ó fondo do asunto o expediente cumpre os requisitos que a Lei 7/1985 e demais disposicións concordantes esixen para a creación de novos municipios, así:

a) A alteración do termo municipal non afecta os límites da provincia de Pontevedra.

b) A segregación realízase sobre a base de núcleos de poboación territorialmente diferenciados, dado que a parroquia que se vai segregar é unha illa,

que una o núcleo de poboación que se pretende segregar do municipio matriz.

c) Os novos municipios contarán con recursos suficientes para o cumprimento dos seus fins.

d) A calidade dos servizos que se veñen prestando no territorio que pretende a súa constitución en concello independente non se verá afectada por isto e ademais o municipio orixinario non quedará privado desa mesma calidade.

O artigo 27.2º do Estatuto de autonomía de Galicia, atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de alteracións dos termos comprendidos dentro do seu territorio. Tales facultades correspóndenlle ó Consello da Xunta de Galicia, como órgano colexiado de goberno da Comunidade Autónoma, de conformidade co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e demais disposicións de aplicación.

Na súa virtude, á vista do dictame do Consello de Estado e por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións laborais, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteun de novembro de mil novecentos noventa e seis,

### DISPÕÑO:

#### Artigo 1º.

Apróbese a segregación de parte do termo municipal de Vilanova de Arousa, comprendida pola actual parroquia de San Xulián de Arousa, para a ulterior constitución dun concello novo e independente, que se chamará A Illa de Arousa e terá a capitalidade neste núcleo de poboación.

#### Artigo 2º.

O territorio do novo municipio que se constitúe é o que corresponde, na actualidade, á parroquia de San Xulián de Arousa, que coincide coa superficie da Illa de Arousa.

#### Artigo 3º.

A poboación do novo municipio que se constitúe será a determinada polos habitantes na parroquia de San Xulián de Arousa, e segundo certificacións expedidas polo secretario xeral do Concello de Vilanova de Arousa con data 3 de outubro de 1996, a dita parroquia conta con catro mil setecentos noventa e nove (4.799) habitantes, e tres mil setecentos (3.700) electores.

#### Artigo 4º.

O novo concello será rexido e administrado, ata as vindeiras eleccións municipais por unha comisión xestora que designará a Deputación Provincial de Pontevedra consonte os resultados das eleccións municipais, na mesa ou mesas correspondentes ó territorio segregado; a Corporación Municipal de Vilanova de Arousa permanecerá formada polo mesmo número de concelleiros que tiña.

## Artigo 5º.

Apróbanse as estipulacións xurídicas e económicas que figuran no expediente e que se recollen no anexo deste decreto, onde se establece a fórmula de distribución de cargas e dereitos entre ámbolos dous municipios.

*Disposicións derradeiras*

## Primeira.

Facúltase expresamente o conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións laborais para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a efectividade deste decreto.

## Segunda.

A presente disposición entrará en vigor o día un de xaneiro de mil novecentos noventa e sete.

Santiago de Compostela, vinteun de novembro de mil novecentos noventa e seis.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Jesús C. Palmou Lorenzo  
Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

*ANEXO*

## Estipulacións xurídicas e económicas

I. Forma de liquidación das débedas, créditos e calquera outros dereitos e obrigacións entre o concello orixinario e o novo e bases que se establezan para resolver calquera outras cuestións que non fose posible dilucidar.

O reparto da débeda a curto, medio e longo prazo, así como os dereitos recoñecidos e pendentes de pagamento e calquera outra carga ou dereito, distribuiranse entre ámbolos dous municipios resultantes do proceso de segregación en función do número de habitantes e da súa riqueza imponible; do que se deduce que o reparto será feito, pola comisión paritaria formada por un número igual de representantes de ámbolos dous concellos, de xeito que corresponderá a Vilanova de Arousa o 68,8 por cento e á Illa de Arousa o 31,2 por cento.

En caso de conflito, ou de que esta comisión non fose capaz de elaborar unha proposta definitiva, ámbalas dúas partes se someterán á arbitrase dunha comisión formada por representantes da Deputación Provincial de Pontevedra e da Xunta de Galicia.

## II. Proxecto de revisión dos bens, aproveitamentos, usos públicos.

De acordo coa certificación, que consta no expediente tramitado, expedida polo secretario xeral do Concello de Vilanova de Arousa o 31 de decembro de 1993, relativa ós bens mobles e inmobles de propiedade municipal o reparto destes entre ámbolos dous concellos farase como a seguir se indica.

## Bens inmobles.

Corresponderán ó Concello de Vilanova de Arousa os que estean situados no seu termo municipal, e

ó Concello da Illa de Arousa os que se atopen no termo correspondente á parroquia de San Xulián de Arousa.

## Bens mobles.

Corresponderalle á comisión paritaria, formada por representantes de ámbolos dous concellos, o reparto dos bens mobles.

## Bens comunais.

Ó non existir bens comunais non procede o seu reparto.

## III. Reparto de funcionarios

O reparto de persoal entre ámbolos dous concellos resultantes do proceso de segregación farase de acordo coas fórmulas e bases que figuran no correspondente expediente baixo a denominación «Documento número seis».

*Resolución do 18 de setembro de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia do convenio colectivo da empresa Casas Móvil, S.A.*

Visto o expediente do convenio colectivo da empresa *Casas Móvil, S.A.* que tivo entrada nesta delegación provincial o día 12-9-1996, suscrito en representación da parte económica polo representante legal da empresa, e, da parte social, polo comité de empresa, o día 12-8-1996, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º, da Lei 8/1980, do 10 de marzo, do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial,

*ACORDA:*

Primeiro.-Ordena-la súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, existente nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordena-lo seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 18 de setembro de 1996.

Mª Reyes Carabel Pedreira  
Delegada provincial da Coruña

Convenio colectivo da empresa Casas Móvil, S.A.

## Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

As normas do presente convenio serán de aplicación a tódolos traballadores da empresa.

**Artigo 2º.-Normas complementarias.**

En todo o non pactado expresamente neste convenio, será de aplicación a Lei 8/1980, do Estatuto dos traballadores, os convenios colectivos provincial e nacional da industria siderometalúrxica e demais disposicións vixentes.

**Artigo 3º.-Vixencia, denuncia e prórroga.**

O convenio entrará en vigor con tódolos seus efectos a partir do 1 de xaneiro de 1996 e terá vixencia ata o 31 de decembro de 1996.

Cun mes de antelación, polo menos, ó termo da súa vixencia calquera das partes poderá denunciado, notificándollo á autoridade competente e poñéndoo en coñecemento da outra parte, por medio de carta certificada ou outra forma fidedigna. As partes comprométense a constituí-la comisión negociadora no prazo máximo dun mes.

En caso de non ser denunciado entenderase prorrogado por períodos anuais, se ben as condicións económicas se incrementarán na contía previstas para este ano do IPC.

**Artigo 4º.-Plus de transporte.**

Establécese un plus de transporte de 9.488 pesetas por mes, segundo táboas salariais adxuntas descontándose 451 ptas., por cada día laborable que se falte ó traballo, agás nos supostos seguintes:

- a) En caso de accidente de traballo.
- b) En caso de enfermidade percibirase os sete primeiros días, descontándose o resto.
- c) En caso de hospitalización, mentres dure, incluída convalecencia.
- d) Cando a falta ó traballo se deba á utilización de horas sindicais.

Os menores de 18 anos percibirán 1.790 pesetas por este concepto.

**Artigo 5º.-Antigüidade.**

Establécese un complemento salarial por este concepto de 2.600 ptas. mensuais por cada quinquenio de permanencia na empresa. No conxunto do quinquenio incluírase o período de aprendizaxe excepto o primeiro ano. Os quinquenios comezarán a devengarse a partir do primeiro de mes en que se cumpra.

**Artigo 6º.-Gratificacións extraordinarias.**

Establécense dúas gratificacións, unha de nadal e outra de verán, que se farán efectivas, a primeira delas antes do día 20 de decembro e a segunda antes do 15 de xullo. Consistirán ambas nunha mensualidade de salario e antigüidade, incrementadas, cada paga, en 6.072 pesetas. O dito incremento de seis mil setenta e dúas pesetas cada paga extra, convense para o exercicio do ano 1996, e será negociable no próximo convenio en función das ratios de produtividade conseguidos no ano actual.

**Artigo 7º.-Axudas de custo.**

Tódolos traballadores que, por necesidades do servizo, teñan que desprazarse a municipios distintos ó que radique o centro de traballo, percibirán unha axuda de custo de 2.675 pesetas ó día.

Os días de saída devengarán idéntica axuda de custo, e o de chegada reducirase á metade se pasa a noite no seu domicilio, a menos que tivese que efectuar as dúas comidas principais fóra.

Se os gastos orixinados superan o importe da axuda de custo, o exceso deberá ser aboado pola empresa, logo da xustificación dos traballadores.

**Artigo 8º.-Xornada de traballo.**

Será de 1.804 horas efectivas de traballo, no cómputo anual, segundo o calendario oficial de festas.

Se por disposición oficial ou por acordo sectorial se modificase a xornada, automaticamente quedará modificado o convenio neste punto. O 31 de decembro, a empresa presentará ós membros do comité de empresa unha proposta de calendario laboral para o seguinte ano.

**Artigo 9º.-Premio ou plus de asistencia e puntualidade.**

Para premia-la asistencia e puntualidade, establécese un premio ou plus para tódalas categorías de 412 pesetas por día de traballo.

Dada a condición deste premio ou plus:

1. Só se devengará por día efectivo de traballo.
2. Pérdese o premio ou plus de un día por:
  - 2.1. Unha falta ó traballo.
  - 2.2. Dous atrasos.
  - 2.3. Dúas omisións da fichaxe ou control de entrada.
  - 2.4. A ausencia ó traballo, total ou parcial, sen xustificar.
3. Pérdese o premio ou plus do mes por:
  - 3.1. Tres faltas ó traballo, excepto por enfermidade.
  - 3.2. Seis omisións da fichaxe ou control de entrada.
  - 3.3. Seis atrasos.
  - 3.4. Tres faltas leves.
  - 3.5. Dúas faltas graves.
  - 3.6. Unha falta moi grave.

Para os efectos anteriores considerarase:

1. Atrasos:
  - 1.1. As horas exactas de entrada e saída indícaranse mediante os sinais que a empresa estableza.

Os traballadores deberán encontrarse nos seus postos de traballo ó darse os sinais de principio e fin de xornada.

O non cumprir estes requisitos suporá a consideración de atraso, abandono de posto de traballo ou simulación de presenza doutro traballador.

**2. A falta parcial ó traballo:**

- 2.1. Toda fichaxe ou control de entrada que exceda de trinta minutos sobre o horario de entrada e saída durante a xornada laboral, excepto nas causas xustificadas.

### Artigo 10º.-Horas extraordinarias.

Perante a grave situación de paro existente e co obxectivo de favorecer-la creación de emprego, ámbalas partes acordan a conveniencia de reducir ó mínimo indispensable as horas extraordinarias de acordo cos seguintes criterios:

1. Horas extraordinarias habituais: supresión.
2. Horas extraordinarias motivadas por forza maior, entendendo por tales as que veñan esixidas pola necesidade de reparar sinistros ou outros danos extraordinarios e urxentes, así como en caso de risco de perda de materias primas: realización.
3. Horas extraordinarias estruturais: mantemento.

Co fin de clarifica-lo concepto de horas extraordinarias estruturais entenderanse como tales as necesarias por períodos imprevistos ou períodos punta de produción, ausencias imprevistas, cambios de quenda ou outras circunstancias de carácter estrutural derivadas da actividade de que se trate, sempre que non poidan ser substituídos pola utilización das distintas modalidades de contratación previstas legalmente, podendo ser compensadas por un tempo equivalente de descanso, en lugar de ser retribuídas monetariamente, sempre que o traballador o acepte.

A cotización por horas extraordinarias motivadas por causa de forza maior e polas estruturais realizarase de acordo co previsto no parágrafo 2º do artigo 7 do Real decreto 1/1985, do 5 de xaneiro, e Orde do 15 de xaneiro de 1985.

Tamén en relación co obxectivo de estimular-la creación de emprego a través da redución de horas extraordinarias, as partes coincidiron na importancia do estricto cumprimento do artigo 35 do Estatuto dos traballadores.

Terán a consideración de horas extraordinarias corresponderalle á dirección da empresa e á libre aceptación do traballador, agás no referente a horas extraordinarias estruturais ou debidas a causas de forza maior; neste caso a súa realización será obrigatoria.

O número de horas extraordinarias non poderá ser superior a oitenta por ano. O goberno poderá reducir ou suprimi-lo número máximo de horas extraordinarias por tempo determinado, con carácter xeral ou para certas ramas de actividades ou ámbitos territoriais para incrementar-as oportunidades de colocación dos traballadores en paro forzoso.

Non se terá en conta, para efectos da duración máxima da xornada laboral, nin para o cómputo do número máximo das horas extraordinarias autorizadas, o exceso das traballadas para previr ou reparar sinistro u outros danos extraordinarios e urxentes, sen prexuízo do seu aboamento como se se tratase de horas extraordinarias.

A dirección de empresa informará mensualmente o comite de empresa, sobre o número de horas extraordinarias realizadas, especificando as causas,

e, se é o caso, a distribución por seccións. Así mesmo, en función desta información e dos criterios máis arriba sinalados, a empresa e os representantes legais dos traballadores notificaránllo mensualmente á autoridade laboral, para efectos de dar cumprimento ó establecido na normativa vixente sobre cotización á Seguridade Social.

### Artigo 11º.-Vacacións.

Establécese un período anual de trinta días naturais de vacacións retribuídas pola totalidade das percepcións; non obstante, este período poderá fraccionarse cando a empresa e os traballadores ou os seus representantes así o acorden.

As vacacións deberán desfrutalas obrigatoriamente dentro de cada ano natural, e non poderán ser compensadas en metálico nin acumuladas por anos sucesivos.

### Artigo 12º.-Licencias retribuídas.

A tódolos traballadores que o soliciten, logo da xustificación da súa necesidade, seralles concedida licencia sen perda de retribución polos motivos e períodos seguintes:

- a) Por matrimonio do traballador: catorce días laborables, en caso de que un dos cónxuxes sexa o propio traballador, e un día natural se o fosen irmáns, fillos ou pais.
- b) Por nacemento dun fillo: tres días laborables, ampliables a un máis, cando o traballador necesite realizar un desprazamento para tal efecto.
- c) Por falecemento de pais, pais políticos, avós, fillos, netos, cónxuxe e irmáns, tres días laborables, ampliables a un máis cando o traballador teña que realizar un desprazamento.
- d) Por falecemento de irmáns políticos e fillos políticos: dous días naturais.
- e) Por enfermidade grave de pais, pais políticos, avós, fillos e cónxuxe: dous días laborables.
- f) Por enfermidade grave de fillos políticos: dous días naturais.

g) Por traslado do seu domicilio habitual: un día.

h) Por tempo necesario para acudir á consulta médica da Seguridade Social co límite establecido no apartado 5º do artigo 60 da ordenanza laboral para as empresas siderometalúrxicas, xustificándoo adecuadamente.

Tamén terán dereito aqueles traballadores que o soliciten, a dous días de licencia sen soldo por enfermidade ou defunción de familiares da liña recta ascendente ou descendente sen limitación ou colaterais ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

i) Por asuntos propios: dous días laborables ó ano sen dereito a ningunha percepción.

### Artigo 13º.-Respecto de dereito, compensación e absorción.

Respectaráselles a tódolos traballadores as situacións persoais actualmente consolidadas en canto determinen maiores dereitos cós concedidos por este convenio respecto das materias obxecto de regulación.



**Artigo 14º.-Percepción en caso de ILT.**

Os traballadores en situación de ILT orixinada por enfermidade común percibirán unha compensación económica que complete a prestación da Seguridade Social, ata o cento por cento dos conceptos salariais máis antigüidade, nos seguintes termos:

A) Nos sete primeiros días de baixa, completárase en todo caso.

B) Desde o oitavo día ata dous meses de baixa, completárase a prestación só a criterio da empresa.

C) A partir dos dous meses ata un ano, a empresa completárase necesariamente.

O empresario poderá verificar o estado de enfermidade ou accidente do traballador que sexa alegado por este para xustificar as súas faltas de asistencia ó traballo, mediante o seu recoñecemento a cargo do persoal médico.

En caso de accidente laboral, percibirán unha compensación económica que complete a prestación da Seguridade Social ata o cento por cento dos conceptos salariais máis antigüidade desde o primeiro día de baixa.

A negativa do traballador ó dito recoñecemento poderá determinar a suspensión do complemento.

**Artigo 15º.-Aviso de cesamento.**

Os traballadores que voluntariamente causen baixa na empresa deberán comunicarllo cunha antelación mínima de quince días; en caso contrario, poderán descontarse da liquidación os días de atraso na notificación.

**Artigo 16º.-Axuda por xubilación.**

Os traballadores que se xubilen como mínimo á idade regulamentaria de 65 anos percibirán un premio consistente nunha mensualidade se levan na empresa de cinco a dez anos de antigüidade; se levasen de dez a vinte anos de antigüidade, percibirán dúas mensualidades, se levasen de vinte anos de antigüidade en adiante percibirán unha mensualidade por cada quinquenio, ata un máximo de cinco mensualidades.

**Artigo 17º.-Xubilación especial ós 64 anos.**

As partes acordan recomendarlles ós traballadores afectados polo presente convenio a utilización do sistema especial de xubilación ós 64 anos, ó cento por cento dos dereitos pasivos, con simultánea contratación doutros traballadores desempregados rexistrados nas oficinas de emprego, co número igual ó de xubilacións anticipadas que se pacten, por calquera das modalidades de contrato viventes na actualidade, excepto as contratacións a tempo parcial, con período mínimo de duración en todo caso superior ó ano, e tendendo ó máximo legal respectivo, sempre e cando legalmente se estableza tal posibilidade de xubilación especial ós 64 anos, en consonancia co antes sinalado, todo iso de acordo co establecido no R.D.L. 14/1981, do 20 de agosto, e normas complementarias.

**Artigo 18º.-Seguro de vida.**

A empresa concertará unha póliza ou renovará a xa existente, garantíndolles ós traballadores ou beneficiarios a percepción de 1.620.000 pesetas en caso de morte, sexa por morte natural ou por accidente, e en caso de invalidez absoluta.

Os traballadores que causen alta na empresa durante a vixencia deste convenio serán incluídos no seguro, unha vez que superen o período de proba.

A efectividade deste artigo páctase pola vixencia do presente convenio.

**Artigo 19º.-Comisión mixta.**

Será un órgano de interpretación, arbitraje e vixilancia do cumprimento do convenio, coas seguintes funcións específicas:

1. Interpretación auténtica do convenio.
2. Vixilancia do cumprimento do pactado.
3. Seguimento da evolución das relacións entre as partes contratantes.
4. Entender en cantas cuestións tendan á maior eficacia práctica do convenio.

As resolucións adoptadas de mutuo acordo terán carácter vinculante. En caso de dúbida, a comisión enviará a consulta á autoridade laboral competente.

**Artigo 20º.-Roupa de traballo.**

A empresa ademais de proporcionar ós seus obreiros tódolos elementos de protección que determina a ordenanza de traballo, subministrarlle a cada produtor dúas fundas de traballo ó seu ingreso na empresa e, transcorrido un ano de servizo, entregarán un máis, e outro cada seis meses, contados desde este ano, e deberán ter as ditas pezas de roupa as iniciais ou indicativos da empresa. Así mesmo, facilitaranse dúas toallas ó ano.

**Artigo 21º.-Cláusula de revisión.**

A revisión das táboas salariais ou outro concepto económico non será modificada nin á alza nin á baixa durante 1996. Calquera modificación económica para o ano 1997 tomará como base o índice de prezos o consumo (IPC), subministrado pola Administración.

**Artigo 22º.-Cota sindical.**

A empresa procederá ó desconto da cota sindical, nos termos establecidos na Lei orgánica de liberdade sindical.

**Artigo 23º**

As partes comprométese a adherirse ó convenio colectivo provincial para as empresas siderometalúrxicas da provincia da Coruña, por solicitude dunha das partes contratantes, logo da notificación á outra parte, cun prazo dun mes de antelación. Dado o presente convenio de empresa concíbese como unha totalidade indivisible; unha vez producida a adhesión quedará sen validez en tódolos seus termos, tanto sociais como económicos, sen que os traballadores poidan alegar a subsistencia dalgún deles como condición máis beneficiosa.

Cláusula adicional primeira.

As partes comprométese a destinar, no próximo convenio colectivo, o 60% dos aumentos que se pacten a incrementa-los conceptos e as súas táboas anexas, destinándose o 40% restante a prima-la produtividade, en función dos datos obtidos.

Cláusula adicional segunda.

Co obxecto de elaborar unha ficha de datos de cada traballador desta empresa, estes deberán chegar a esta o seguinte:

- Fotografía tipo DNI actual.
- Domicilio do traballador.
- Teléfono da súa casa, se é o caso, teléfono para avisos de urxencia.
- De ser posible, grupo sanguíneo do traballador, para casos de transfusións.
- Alerxias a calquera tipo de antibiótico ou medicinas.

Acordos complementarios ó convenio colectivo.  
Ano de 1996.

Durante a vixencia do convenio colectivo de 1996 páctase expresamente a submisión das partes ás seguintes normas, agás que o seu contido fose modificado en sentido máis favorable ós traballadores, por algunha disposición oficial ou pactada.

Norma 1ª.-Traballos de categoría superior.

Tódolos traballadores, en caso de necesidade, poderán ser destinados a categoría superior co salario que corresponde á súa nova categoría, reintegrándose ó seu antigo posto cando cese a causa que motivou o seu cambio.

Este caso non poder ser de duración superior a catro meses ininterrompidos, e deberá o traballador, ó cabo deste tempo, volver ó seu antigo posto e categoría.

Cando un traballador realice catro meses consecutivos traballos de categoría superior, respectarase o seu salario na dita categoría superior, e ocupará a vacante se lle correspondese de acordo coas normas sobre ascenso ou, en caso contrario, reintegrarase ó seu primitivo posto de traballo, e ocupará aquela vacante o que lle corresponda.

Non obstante o exposto nos parágrafos anteriores, no caso de que un traballador ocupe un posto de categoría superior durante doce meses alternos, consolidará o salario da dita categoría a partir deste momento, sen que iso supoña necesariamente a creación dun posto de traballo desta categoría.

Os tres parágrafos anteriores non son aplicables nos casos de substitución por servizo militar, enfermidade, accidente de traballo, permisos ou ocupacións de cargos oficiais; nestes casos a substitución comprenderá todo o tempo que duren as circunstancias que o motivasen.

Norma 2ª.-Rexistro do persoal.

Establécese a obriga de levar rexistro xeral de persoal dentro de cada empresa.

Como mínimo deberá figurar neste os datos correspondentes a todos e cada un dos traballadores que se detallan a continuación:

1. Nome e apelidos.
2. Data de nacemento do traballador.
3. Data de ingreso do traballador na empresa.
4. Cargo ou posto que ocupa.
5. Categoría profesional na que está inscrito.
6. Data de nomeamento ou promoción desta categoría.
7. Salario base correspondente á dita categoría.
8. Número de orde derivado da data de ingreso.

Norma 3ª.-Plus de toxicidade, penosidade ou perigosidade.

A excepcional penosidade, toxicidade ou perigosidade nos traballadores quedará normalmente comprendida na valoración de postos de traballo e na fixación dos valores dos incentivos.

Cando non quede comprendida noutros conceptos salariais, aboaráselles ó persoal que teña que realizar aqueles labores unha bonificación do 20% sobre o seu salario base. A bonificación reducirase á metade se se realiza un traballo excepcionalmente tóxico, penoso ou perigoso durante un período superior a sesenta minutos de xornada, sen exceder de media xornada.

Naqueles supostos nos que moi singularmente concorrese de modo manifesto a excepcional penosidade a toxicidade e a marcada perigosidade superior ó risco normal da industria, o 20% pasará a se-lo 25% se concorresen dúas circunstancias das sinaladas, e o 30% se fosen as tres.

Se por mellora das instalacións ou procedemento desaparecesen as condicións de penosidade, toxicidade ou perigosidade no traballo, unha vez confirmada a desaparición destas causas pola autoridade competente, deixará de aboarse a citada bonificación, podendo recorrer-la decisión adoptada de acordo co procedemento legal.

A falta de acordo entre empresa e traballadores respecto á cualificación de traballo penoso, tóxico ou perigoso, resolverano as delegacións provinciais de traballo, logo do asesoramento do organismo técnico estatal correspondente, inspección de traballo, e calquera outro que consideren oportuno.

Norma 4ª.-Participación dos traballadores.

A empresa respectará o dereito de tódolos traballadores a sindicarse libremente, admitirá que os traballadores afiliados a un sindicato poidan celebrar reunións fóra das horas de traballo, e sen perturba-la actividade normal das empresas, non poderán suxeita-lo emprego dun traballador á condición de que non se afilie ou renuncie á súa afiliación a actividade sindical.

## Táboa salarial ano 1996

Categorías	S.Base X14	P.Asis. X14	P. Tpte. X12	Incent X12	S. Mes	S. Ano
Tit. superior	131.767	8.651	9.488	20.929	170.835	2.343.000
Tit. medio	127.239	8.651	9.488	20.929	166.307	2.279.616
Xefe vendas	116.412	8.651	9.488	20.929	155.480	2.128.028
Xefe post-vendas	116.412	8.651	9.488	20.929	155.480	2.128.028
Xefe administrativo 1ª	116.412	8.651	9.488	20.929	155.480	2.128.028
Xefe administrativo 2ª	114.467	8.651	9.488	20.929	153.535	2.100.800
Oficial administrativo 1ª	105.555	8.651	9.488	16.444	140.138	1.922.214
Oficial administrativo 2ª	101.453	8.651	9.488	11.958	131.550	1.810.952
Oficial administrativo 3ª	96.346	8.651	9.488	8.972	123.457	1.703.620
Auxiliar administrativo 1ª	96.346	8.651	9.488	8.972	123.457	1.703.620
Auxiliar administrativo 2ª	94.078	8.651	9.488	8.972	121.189	1.671.873
Contable	109.112	8.651	9.488	16.444	143.695	1.972.009
Xefe almacén	116.412	8.651	9.488	20.929	155.480	2.128.028
Xefe taller	116.412	8.651	9.488	20.929	155.480	2.128.028
Mestre taller	116.053	8.651	9.488	16.444	150.636	2.069.188
Vendedor 1ª	105.555	8.651	9.488	16.444	140.138	1.922.214
Vendedor 2ª	101.453	8.651	9.488	11.958	131.550	1.810.952
Vendedor 3ª	96.346	8.651	9.488	8.972	123.457	1.703.620
Oficial 1ª taller	100.477	8.651	9.488	16.444	135.060	1.851.129
Oficial 2ª taller	98.732	8.651	9.488	11.958	128.829	1.772.858
Oficial 3ª taller	96.517	8.651	9.488	8.972	123.628	1.706.014
Dependente	96.997	8.651	9.488	13.458	128.594	1.766.568
Dependente menor	94.195	8.651	9.488	13.458	125.792	1.727.341
Especialista	96.085	8.651	9.488	6.729	120.953	1.673.051
Chofer camión	100.477	8.651	9.488	16.444	135.060	1.851.129
Chofer turismo	98.712	8.651	9.488	14.201	131.053	1.799.506
Probador	100.477	8.651	9.488	16.444	135.060	1.851.129
Lavado e engrase	94.506	8.651	9.488	6.729	119.373	1.650.942
Recepcionista	100.477	8.651	9.488	16.444	135.060	1.851.129
Mozo e peón	94.485	8.651	9.488	5.979	118.603	1.641.655
Telefonista	94.157	8.651	9.488	11.958	124.254	1.708.812

**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA**

*Resolución do 5 de novembro de 1996  
que modifica a delegación das funcións  
en determinados órganos universitarios.*

Por Resolución do 14 de febreiro de 1995 (DOG do 28 de abril) deléganse funcións en determinados órganos universitarios.

No punto 6) do apartado g) do artigo 4 delégase no vicerrector de estudantes a convocatoria e resolución de bolsas para a exención de prezos públicos no terceiro ciclo.

Nembargantes, parece agora máis axeitado que esta función a desempeñe o vicerrector de investigación e do terceiro ciclo, polo que se modifica o artigo da antedita resolución como se indica no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 1996.

Darío Villanueva Prieto

O Rector da Universidade de Santiago de Compostela

**ANEXO**

Cuarto.—En particular, ademais das competencias propias de cada vicerrectorado, delégase especificamente:

a) Quedan delegadas no vicerrector de Asuntos Económicos as facultades que en materia de contratación administrativa corresponden legalmente ó rector da Universidade de Santiago de Compostela, incluíndo a formalización dos contratos de obras, servicios e subministracións que efectúa esta universidade.

—Exceptúanse da delegación outorgada no apartado anterior:

1. As impugnacións que se presenten contra o procedemento de adxudicación.

2. O acto definitivo de revogación ou de resolución dos contratos administrativos, tralo procedemento instruído para o efecto.

3. A execución forzosa, tras apercibimento, dos actos que se deriven da contratación administrativa.

—Así mesmo, quedan delegadas no vicerrector de Asuntos Económicos, as atribucións conferidas ó

rector como membro e presidente da mesa de contratación a que se refiren os artigos 239.2º dos Estatutos da universidade de Santiago de Compostela e o 7.1º e 2º do Regulamento de contratación da universidade.

b) Quedan delegadas no vicerrector de Profesorado:

1.-A convocatoria de prazas de persoal docente contratado.

2.-O nomeamento dos tribunais de persoal docente contratado así como a apreciación de causas que impidan a actuación dos membros, coa excepción da apreciación das causas de abstención e recusación.

3.-A aprobación de listas definitivas e provisionais de persoal docente titular e contratado.

4.-A presidencia da Comisión de Revisión.

5.-O nomeamento de profesorado interino e contratado así como a sinatura dos contratos.

6.-A concesión de permisos e licencias do persoal non delegadas ós decanos, directores de centros, e directores de departamentos.

7. Tódolos actos derivados da xestión e tramitación dos procedementos de xubilación do persoal docente.

8. A tramitación de procedementos seguidos ante a Seguridade Social ou MUFACE do persoal docente.

9. Proposta e informe sobre autorización ou recoñecemento de compatibilidade do persoal docente cando lle corresponda a súa resolución ó rector.

10. A comunicación de resolucións rectorais en materia de persoal docente.

11. O recoñecemento de trienios e a comunicación da concesión do complemento específico singular por méritos docentes.

12. Todos aqueles actos relativos á situación administrativa do persoal docente que non figuren atribuídos a outros órganos universitarios.

c) Delégase no vicerrector de Investigación e Terceiro Ciclo:

1. Proposta, formalización, e contratos de proxectos europeos.

2. Solicitude de proxectos PETRI.

3. En materia de contratos, informes e cursos dos artigos 11 e 45 da LRU:

3.1 Follas resumo e autorizacións de actividades aprobadas pola Comisión de Convenios e Cursos.

3.2 Nomeamentos de bolseiros.

3.3 Nomeamentos de P.A.S. colaborador.

3.4 Autorización de pagamentos a profesores e persoal investigador por actividade investigadora.

4. Nomeamento de tribunais de teses de doutoramento.

5. Convocatorias de axudas para investigación propias do vicerrectorado e a súa resolución.

6. Solicitudes e informes para as convocatorias doutros organismos.

7. Informes anuais e finais dos proxectos de investigación.

8. Informes de seguimento das subvencións para adquisicións de infraestrutura.

9. Formalización de pólizas de seguros de accidentes dos bolseiros.

10. Convocatoria e resolución de bolsas para a exención de prezos públicos no terceiro ciclo.

d) Queda delegada no vicerrector de Coordinación do Campus de Santiago de Compostela:

1. A Presidencia da Comisión Electoral e a execución das súas resolucións.

2. A xestión, dirección e coordinación do Plan Estratéxico de Comunicacións da Universidade de Santiago de Compostela no Campus de Santiago de Compostela.

e) Queda delegada no vicerrector de Extensión Cultural e Servicios á Comunidade Universitaria:

1. A convocatoria dos cursos de verán para estranxeiros, así como a súa acreditación.

2. Xestión e coordinación da gardería universitaria (Escola Infantil Breogán) así como a resolución das reclamacións en materia de admisión.

3. Convocatoria e resolución de axudas ou subvencións para asociacións culturais, así como resolución das reclamacións contra estas.

4. Convocatoria de campionatos deportivos.

5. Fixación de tarifas por servizos deportivos.

f) Queda delegada no vicerrector de Relacións Exteriores e Proxección Universitaria:

1. Tódalas competencias relacionadas con programas europeos e de intercambio internacional.

2. A coordinación e xestión da celebración do V Centenario da Universidade de Santiago de Compostela.

g) Quedan delegadas no vicerrector de Estudiantes:

1. A convocatoria e resolucións relativas ó proceso de selección no S.R.I.

2. As resolucións das reclamacións do S.R.I.

3. A presidencia do xurado nas bolsas da convocatoria xeral do MEC.

4. A representación da USC nos procesos selectivos de bolsas compensatorias da Xunta de Galicia.

5. Representante da USC nos procesos selectivos de bolsas doutros organismos, destinadas a estudantes.

**6. SUPRIMIDO**

7. Convocatoria e resolución de bolsas colaboración do SRI.

8. Convocatoria e resolución doutras bolsas convocadas polo Vicerrectorado de Estudiantes.

9. Responsable da Universidade de Santiago de Compostela perante a Oficina para a Prestación Social Substitutoria.

10. Convocatoria e resolución de axudas de promoción de asociacionismo de estudantes, así como a resolución das reclamacións contra estas.

h) Quedan delegadas no vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións:

1. Resolucións de peticións, reclamacións ou recursos en materia de alumnado sobre as que non estea delegada a competencia ou a sinatura noutros órganos ou unidades administrativas.

2. Autorización de traslados de campus do persoal docente universitario.

3. Xestión, coordinación e aprobación do P.D.A. dos Centros e do P.O.D. dos departamentos universitarios.

4. Resolución de reclamacións en materia de confección do P.O.D.

5. Coordinación dos procesos de elaboración, modificación e implantación dos plans de estudo na Universidade de Santiago de Compostela.

6. Xestión e coordinación na aprobación e desenvolvemento das ensinanzas conducentes a titulacións propias da Universidade de Santiago de Compostela.

7. As accións e procesos derivados da política de formación de persoal docente.

i) Delégase no vicerrector de Coordinación do Campus de Lugo:

1. A xestión e organización de actividades culturais e deportivas en Lugo.

2. O Plan Estratéxico de Comunicacións da Universidade de Santiago de Compostela en Lugo.

k) Delégase no secretario xeral:

1. A sinatura dos certificados supletorios dos títulos académicos.

2. Certificación de actos presuntos.

3. Resolución de peticións de carácter xeral que non sexan competencia propia ou delegada doutros órganos universitarios.

4. O asinamento das resolucións motivadas que se dicten autorizando ou denegando a rectificación das actas académicas.

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS**

*Orde do 12 de novembro de 1996 pola que se lles outorgan nomeamentos a rexistradores da propiedade para os rexistros vacantes que se citan (número 1 de Vigo e tres máis).*

Visto o expediente instruído para a provisión de rexistros da propiedade vacantes, en virtude de concurso entre aspirantes aprobados nas últimas oposicións convocado por resolución da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado do 5 de setembro de 1996 (BOE do 17), e de conformidade cos artigos 284 da Ley hipotecaria, 513 do Regulamento para a súa execución e 17 da Lei de réxime xurídico da administración do Estado.

Visto tamén o que dispón o artigo 26.1º do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981 e os decretos da Xunta de Galicia 13/1994, do 20 de xaneiro, e 292/1996, do 26 de xullo, e demais disposicións legais autonómicas pertinentes, esta consellería, para prove-los rexistros da propiedade vacantes establecidos no territorio desta Comunidade Autónoma, outórgalle nomeamento a:

–José Antonio Ferreiro Villar, rexistrador de Ponferrada nº 1, para o rexistro de VIGO nº 1 (Pontevedra).

–Francisca Núñez Villar, rexistradora de Ribadeo, para o rexistro de Corcubión (A Coruña).

–Cristina Rollán Salgado, rexistradora de Verín, para o rexistro do Carballiño (Ourense).

–Jesús Fernández Brea, rexistrador de Celanova, para o rexistro de Ortigueira (A Coruña).

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 1996.

Jesús C. Palmou Lorenzo

Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

Sr. Director Xeral de Xustiza e Administración Local

**CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA**

*Resolución do 24 de outubro de 1996 pola que se ordena a publicación do acordo do pleno do 16 de outubro de 1996 polo que se convoca concurso para o acceso ó corpo de letrados do dito organismo e a provisión de tres prazas vacantes nel.*

En virtude das competencias que lle corresponden conforme o artigo 22 do Decreto 287/1996, do 12 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de orga-

nización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, esta presidencia

**RESOLVE:**

Facer público o acordo plenario do 16 de outubro de 1996 polo que se convoca concurso para o acceso ó corpo de letrados do Consello Consultivo de Galicia e a provisión de tres prazas vacantes, que se xunta a esta resolución, e ordena-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 1996.

José Antonio García Caridad  
Presidente do Consello Consultivo

Acordo do pleno do Consello Consultivo de Galicia do 15 de outubro de 1996 polo que se convoca concurso para o acceso ó corpo de letrados de dito organismo e a provisión de tres prazas vacantes nel.

Ó carecer de integrantes o corpo de letrados do Consello Consultivo de Galicia e existir tres prazas vacantes correspondentes a quenda do apartado b) do artigo 22 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, segundo a relación de postos de traballo aprobada polo Consello da Xunta de Galicia e publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 11 de setembro de 1996, e sen prexuízo de ulterior convocatoria de oposición para a provisión de prazas no dito corpo, pola quenda da letra a) do artigo 22 da lei citada (artigo 62 de Regulamento de organización e funcionamento aprobado por Decreto 287/1996, do 12 de xullo), a medida que as necesidades do consello o esixan e as previsións orzamentarias o permitan, o Pleno do Consello Consultivo de Galicia, na súa reunión do día 15 de outubro de 1996, ó abeiro do artigo 15, i) do regulamento citado, resolveu convocar concurso para o acceso ó corpo de letrados do dito organismo e a provisión de tres prazas vacantes nel, consonte coas seguintes bases:

**I. Requisitos dos candidatos.**

Segundo o disposto no artigo 22, b) da Lei 9/1995, do 10 de novembro (artigo 62 do regulamento), poderán tomar parte no concurso:

a) Os funcionarios da escala de letrados da Xunta de Galicia; e,

b) Os xuristas funcionarios de carreira que exerzan a súa actividade sometidos a unha relación de dereito público.

Todos eles poderán facelo calquera que sexa a situación administrativa en que se atopen, agás que esta sexa a de suspensos en firme.

Consonte co disposto no artigo 33 da Lei da función pública de Galicia, os candidatos deberán acreditar-lo coñecemento da lingua galega, a través dalgun dos cursos, estudos ou titulacions expedidas pola Administración ou homologados por ela.

O cumprimento dos requisitos que habilitan os candidatos para tomaren parte no concurso haberá de referirse á data de presentación da súa solicitude e acreditarase documentalmente no xeito indicado na base seguinte.

**II. Presentación de solicitudes.**

Os candidatos que desexen tomar parte no concurso deberán presentar solicitude dirixida ó presidente do Consello Consultivo de Galicia, rúa Algalia de Abaixo 24, 2ª planta, Santiago de Compostela, no prazo de quince días a partir do seguinte o da publicación do presente acordo no *Diario Oficial de Galicia*.

No caso de facer uso dos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dirixirán simultaneamente telegrama á Presidencia do Consello Consultivo, indicando a data e lugar da presentación.

Na solicitude, inescusablemente, farase constar-lo grupo ó que pertence o funcionario solicitante, dos referenciados na base primeira e o cumprimento dos restantes requisitos mencionados nela, e enumerará pola súa orde os méritos que posúe, de acordo co anexo da presente convocatoria. Do mesmo xeito, xuntarase xustificación documental compulsada polo organismo competente ou autenticada notarialmente dos ditos extremos, agás cando se trate da xustificación dos particulares do apartado B) 2 do baremo.

O solicitante autobaremará os seus méritos, de acordo coa puntuación contida no anexo.

Non serán obxecto de consideración méritos distintos ós citados, nin os que son condición habilitante do candidato para o acceso ó concurso segundo a base primeira do presente acordo.

Rematado o prazo, as solicitudes presentadas vincularán ó petionario, sen que poidan ser obxecto de modificación ou complemento, sen prexuízo da petición de corrección de erros materiais, aritméticos ou de feito.

**III. Tribunal.**

O concurso será avaliado por un tribunal composto polos seguintes conselleiros do Consello Consultivo de Galicia

Presidente:

Antonio Carro Fernández-Valmayor, por delegación do presidente de dito órgano.

Vocais:

José Luis de la Torre Nieto.

José María Gómez y Díaz-Castroverde, quen fará as funcións de secretario.

En caso de imposibilidade, actuará como suplente outro dos restantes conselleiros do dito órgano, por

orde de antigüidade ou, de se-la mesma, por orde de idade, de maior a menor. En calquera caso o tribunal non poderá actuar sen a presenza dos seus tres membros.

#### IV. Desenvolvemento do concurso.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o tribunal examinará a documentación presentada polos aspirantes e procederá a confirmar ou modificar a puntuación dos méritos alegados e avaliados por eles de acordo co baremo anexo da presente convocatoria.

O acordo do tribunal farase público no taboleiro de anuncios da sede do Consello Consultivo de Galicia, ordenando ós aspirantes segundo a puntuación obtida. Quedarán excluídos das restantes fases do concurso os que non acadasen a puntuación mínima de 40 puntos, así como os que non acreditasen a titulación suficiente para participar no concurso de acordo coas esixencias da base primeira. No caso de modificación da puntuación resultante da autobaremação do candidato, e no de exclusión deste das sucesivas fases do concurso, farase constar na publicación o motivo da dita circunstancia, e notificaráselle individualmente a resolución ó interesado.

Publicada a anterior relación e cursadas, de se-lo caso, as notificacións individuais, concederáselles ós aspirantes un prazo de dez días para a presentación de reclamacións e, unha vez rematado, no prazo de dez días, o tribunal publicará a resolución procedente sobre elas.

Se por non alcanzaren a puntuación mínima todos ou algún dos candidatos quedasen as prazas convocadas total ou parcialmente desertas, o tribunal poñerá en coñecemento do Pleno do Consello Consultivo, para os efectos da publicación da dita circunstancia no *Diario Oficial de Galicia* e ulterior convocatoria de novo concurso.

Os candidatos que alcanzasen a puntuación mínima serán convocados polo tribunal a unha entrevista, na que en primeiro termo e por tempo máximo de quince minutos expoñerán perante o tribunal un resumo dos seus méritos profesionais e formación xurídica, así como o modo en que os estiman axeitados ó desenvolvemento das funcións que, legal e regulamentariamente, corresponden ós letrados do Consello Consultivo de Galicia. A continuación, o tribunal poderá formularlle ó candidato as aclaracións que estime oportunas.

As ditas entrevistas realizaranse co tribunal constituído en sesión pública e a orde de actuación dos candidatos comezará por aqueles que o seu primeiro apelido empece pola letra Z, de conformidade coa resolución da Consellería da Presidencia e Administración Pública, do 15 de marzo de 1996 pola que se fai público o resultado do sorteo ó que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 67, de 3 de abril de 1996). En ningún

caso a entrevista terá o carácter de exame xeral dos coñecementos xurídicos do candidato.

En función do contido da entrevista, o tribunal poderá aumentar a puntuación inicial asignada ó candidato nun máximo do 25 por cento da que lle correspondese por aplicación do baremo.

A puntuación resultante da entrevista farase pública ó remate da sesión en que tivera lugar. Rematadas a totalidade das entrevistas, o tribunal fará pública por orde de puntuación a relación dos tres candidatos, se os houber, que alcanzasen o máximo dela, remitíndolle certificación desta ó Consello Consultivo de Galicia. En ningún caso poderá incluírse na relación maior número de candidatos có de prazas convocadas.

No caso de empate na puntuación conxunta dimicante da aplicación do baremo e a realización da entrevista, a orde decidirase en favor do aspirante que acadase maior puntuación por aplicación do baremo contido no anexo e, de persisti-la igualdade, en favor do aspirante de maior idade.

Publicada a anterior relación, o presidente do Consello Consultivo de Galicia comunicarlle o resultado do concurso ó conselleiro da Presidencia e Administración Pública, co obxecto de que se expidan os correspondentes nomeamentos.

Así mesmo, ordenará a publicación do resultado definitivo do concurso no *Diario Oficial de Galicia*. A orde dos candidatos contida en tal relación determinará a de ingreso no corpo de letrados do Consello Consultivo de Galicia e a situación na escala respectiva.

#### V. Toma de posesión.

Co fin de proceder á efectiva cobertura das prazas nos termos do artigo 22 da Lei 9/1995, os candidatos seleccionados deberán tomar posesión dos seus postos ante o presidente do Consello Consultivo no prazo de tres días a partir do seguinte ó da publicación, se o nomeamento non implicase cambio de residencia, e no de vinte días se a esixira ou implicara o reingreso ó servicio activo.

Os que non tomasen posesión nos prazos indicados, de non mediar causa debidamente xustificada, entenderase que renuncian ó nomeamento obtido.

Os destinos adjudicados entenderanse acadados voluntariamente, e non darán lugar a indemnización ningunha.

#### VI. Normativa de aplicación.

A presente convocatoria rexerá polas súas bases e, no que non estea previsto nelas, polo disposto nas Leis 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia, o Decreto 287/1996, do 12 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento

do mesmo, a Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola lei 3/1995, do 10 de abril, Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e Decreto 95/1991, da mesma data, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### VII. Facultades do Tribunal.

O tribunal estará facultado para resolver sobre a interpretación das bases da presente convocatoria e as cuestións suscitadas en relación con elas.

Efectuados os nomeamentos, as incidencias que puidesen suscitarse en relación coas situacións administrativas dos afectados serán resoltas polo presidente do Consello Consultivo de Galicia.

#### VIII. Publicación de acordos.

Agás as mencións expresas que o presente acordo realiza ó *Diario Oficial de Galicia*, e para as resolucións nel mencionadas, o resto de acordos publicárase no taboleiro de anuncios da sede do Consello Consultivo.

#### IX. Recursos.

Contra o presente acordo e as resolucións dictadas polo tribunal avaliador do concurso en actos definitivos ou que fagan imposible a continuación do procedemento para o afectado poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses computados a partir da publicación dos acordos ou, de se-lo caso, da notificación individual ó interesado.

### ANEXO

Baremo de méritos.

Puntuación total: 100 puntos.

A) Méritos xerais: ata 83 puntos.

1. Grao persoal consolidado en relación co posto de traballo que se convoca. Máximo 16 puntos:

a) Igual: 16 puntos.

b) Menor:

-nivel 28 ou 29: 12 puntos.

-nivel inferior ó 28: 8 puntos.

2. Traballo desenvolvido: máximo 43 puntos.

2.1. En servizo activo:

2.1.1. Desempeño de postos de nivel 30, 1 punto por ano completo, ata un máximo de 6 puntos.

2.1.2. Desempeño de postos de nivel 29, 1 punto por ano completo, ata un máximo de 5 puntos.

2.1.3. Xefatura de unidades dedicadas ó desenvolvemento de actividade xurídica consultiva ou contenciosa en defensa das administracións públi-

cas, 3 puntos por ano completo, ata un máximo de 18 puntos.

2.1.4. Outro destino nos postos de traballo mencionados no apartado anterior (2.1.3), 2 puntos por ano completo ata un máximo de 10 puntos.

2.2. En servizos especiais: 1 punto por ano completo ata un máximo de 4 puntos.

3. Cursos de formación ou perfeccionamento en materias xurídicas. Só se tomarán en consideración os expedidos por universidades ou centros oficiais de formación que expidan certificación de asistencia ou diploma. Máximo de 12 puntos:

a) Ata 10 horas de duración: 0,25 puntos por curso ata o máximo de 2 puntos.

b) Ata 50 horas de duración: 1 punto por curso ata o máximo de 4 puntos.

c) Máis de 50 horas: 1,5 puntos por curso ata o máximo de 6 puntos.

Cada curso non poderá computarse en máis dun dos apartados anteriores.

4. Antigüidade na carreira administrativa. Máximo de 5 puntos, a razón de 0,25 puntos por ano completo.

5. Titulación en cursos de galego, excluída a de iniciación, non referidos a linguaxe xurídica: 3 puntos. Os posteriores ó primeiro obtido non computan.

6. Titulación de cursos de galego sobre linguaxe xurídica: 4 puntos. Os posteriores ó primeiro obtido non computan.

B) Méritos específicos: ata 17 puntos.

1. Titulacións universitarias oficiais: 12 puntos máximo.

a) Doutor en dereito: 7 puntos

b) Doutor en materias relacionadas coa socioloxía, as ciencias políticas ou a economía: 2 puntos.

c) Licenciado en materia diferente a dereito: 2 puntos.

d) Diplomado noutra materia: 1 punto

A acreditación dun título superior exclúe o cómputo dos previamente obtidos na mesma materia. O total de puntuación non pode exceder, en ningún caso, os 12 puntos.

2. Publicacións en materias xurídicas: máximo 5 puntos.

a) Publicacións científico-xurídicas: ata 5 puntos.

b) Relatorios, memorias ou traballos similares presentados en centros oficiais ou recoñecidos oficialmente; ou publicados por servizos dependentes deles: ata 3 puntos.

A acreditación das publicacións do presente apartado farase coa súa presentación; e a da presentación dos relatorios, memorias ou traballos coa súa aportación e certificación do centro correspondente.



## UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Resolución do 8 de novembro de 1996 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de filoloxía grega, do departamento de Latín e Grego, a Francisco Martos Montiel (praza 1338/1995).*

De conformidade coa proposta elevada pola comisión constituída para xulga-lo concurso, convocado por resolución desta universidade do 29 de novembro de 1995 (BOE do 19 de decembro de 1995) para a provisión da praza de profesor titular de universidade da área de coñecemento de filoloxía grega, do departamento de Latín e Grego, da Universidade de Santiago de Compostela, a favor de Francisco Martos Montiel, e cumprindo o interesado os requisitos a que alude o artigo 5.º do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Francisco Martos Montiel, profesor titular de universidade da área de coñecemento de filoloxía grega, do departamento de Latín e Grego, da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 1996.

F. Darío Villanueva Prieto

Rector da Universidade de Santiago de Compostela

*Resolución do 11 de novembro de 1996 pola que se convoca concurso público para a provisión da praza 1421/1996 e dezanove máis, de corpos docentes universitarios.*

De acordo co establecido no artigo 38.º da Lei 11/1983, do 25 de agosto, e o artigo 2.4º do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro, este rectorado resolveu convocar a concurso as prazas que se relacionan no anexo I da presente resolución, de acordo coas seguintes bases:

Primeira.—Os ditos concursos rexeranse polo disposto na Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto (BOE do 1 de setembro); Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro (BOE do 26 de outubro), corrixido parcialmente polo Real decreto 1427/1986, do 13 de xuño; Orde do 28 de decembro de 1984 (BOE do 16 de xaneiro de 1985), e, no non previsto, pola lexislación xeral de funcionarios civís do Estado, e tramitaranse independentemente para cada unha das prazas convocadas.

Segunda.—Para ser admitido ós ditos concursos cumpren os seguintes requisitos xerais:

a) Ser español. Así mesmo poderán acceder os nacionais dos países a que se refire o Real decreto 800/1995, que desenvolve a Lei 17/1993.

b) Estar en posción da titulación suficiente ou estar en condicións de obtela na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes para tomar parte nas probas selectivas.

c) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

d) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non ter cumpridos os 70 anos de idade.

e) Cumpri-los requisitos para exercer as funcións que dentro do corpo lle poidan ser encomendadas, conforme o previsto regulamentariamente.

Terceira.—Deberán reunir, ademais, as condicións específicas que se sinalan no artigo 4.1º ou 2º, do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro, segundo a categoría das prazas e a clase do concurso.

Cando, estando en posesión do título de doutor, se concorra a prazas de catedrático de universidade, de acordo co previsto no artigo 4.1º c) do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro, e non se pertenza a ningún dos corpos que nel se sinalan, os interesados deberán acreditar-lo feito de seren eximidos de tales requisitos.

Non poderán concursar ás prazas de profesor titular de universidade quen estivese contratado durante máis de dous anos como axudantes desta universidade, salvo as excepcións previstas no artigo 37.4º da Lei 11/1983 do 25 de agosto de reforma universitaria.

Cuarta.—Os aspirantes, no prazo de presentación de solicitudes, deberán aboar na conta corrente 48/2 «Outros ingresos». *Caixa Galicia*, oficina principal de Santiago de Compostela, a cantidade de 4.000 ptas. en concepto de formación de expediente e por dereitos de exame. A ausencia de acreditación do pagamento destes dereitos dentro do prazo de presentación de solicitudes será causa de exclusión.

Quinta.—Quen desexe tomar parte no concurso remitiralle a correspondente instancia, debidamente cumprimentada, segundo o modelo que figura no anexo II, ó rector da Universidade de Santiago de Compostela, por calquera dos procedementos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 20 días hábiles a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*, adxuntando xustificante do pagamento de dereitos de exame e os documentos que acrediten reuni-los requisitos para participar no concurso. A concorrencia dos ditos requisitos deberá estar referida sempre a unha data anterior á da expiración do prazo fixado para solicita-la participación no concurso.

Sexta.—Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o rector da universidade, por calquera dos procedementos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administra-

cións públicas e do procedemento administrativo común, remitíralles a tódolos aspirantes unha relación completa de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión.

Contra a dita resolución os interesados poderán presentar unha reclamación perante o rector no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ó da notificación da relación de admitidos e excluídos.

Sétima.—O presidente da comisión, dentro do prazo habilitado regulamentariamente para a constitución, dictará unha resolución que lles deberá ser notificada a tódolos interesados cunha anticipación mínima de 15 días naturais respecto da data do acto para o que é citado, convocando a:

a) Tódolos membros titulares da comisión e, se é o caso, ós suplentes necesarios para efectuar o acto de constitución daquela.

b) Tódolos aspirantes admitidos a participar no concurso, para realizaren o acto de presentación dos concursantes e con fixación do día, hora e lugar de celebración do dito acto.

Oitava.—No acto de presentación os concursantes entregaranlle ó presidente da comisión a documentación sinalada nos artigos 9 e 10 do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro, corrixido polo Real decreto 1427/1986, do 13 de xuño, se é o caso, segundo se trate de concurso ou concurso de méritos.

Novena.—Os candidatos propostos para a provisión das prazas deberán presentar na secretaría xeral da universidade, no prazo dos quince días hábiles seguintes ó de concluí-la actuación da comisión, por calquera dos medios sinalados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común os seguintes documentos:

a) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.

b) Declaración xurada de que non foi separado da Administración do Estado, institucional ou local, nin das administracións das comunidades autónomas, en virtude do expediente disciplinario e non atoparse inhabilitado para o exercicio da función pública.

Os que tiveren a condición de funcionarios públicos de carreira estarán exentos de xustificar tales documentos e requisitos, e deberán presentar unha certificación do ministerio ou organismo do que dependan, acreditativa da súa condición de funcionarios e cantas circunstancias consten na súa folla de servizos.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 1996.

Francisco Darío Villanueva Prieto  
Rector da Universidade de Santiago de Compostela

## ANEXO

Número de prazas: 1

Praza número: 1421/1996

Corpo ó que pertence a praza: catedrático de universidade.

Área de coñecemento á que corresponde: bioloxía vexetal.

Departamento á que está adscrita: Bioloxía Vexetal.

Actividades a realizar por quen obteña a praza: materias da área. Santiago de Compostela.

Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1

Praza número: 1422/1996

Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de universidade.

Área de coñecemento á que corresponde: bioquímica e bioloxía molecular.

Departamento á que está adscrita: Bioquímica e Bioloxía Molecular.

Actividades a realizar por quen obteña a praza: bioquímica e bioloxía molecular. Santiago de Compostela.

Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1

Praza número: 1423/1996

Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de universidade.

Área de coñecemento á que corresponde: dereito civil.

Departamento á que está adscrita: Dereito Común.

Actividades a realizar por quen obteña a praza: dereito civil. Santiago de Compostela.

Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1

Praza número: 1424/1996

Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de universidade.

Área de coñecemento á que corresponde: dereito civil.

Departamento á que está adscrita: Dereito Común.

Actividades a realizar por quen obteña a praza: dereito civil. Santiago de Compostela.

Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1

Praza número: 1425/1996

Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de universidade.

Área de coñecemento á que corresponde: linguaxes e sistemas informáticos.

Departamento á que está adscrita: Electrónica e Computación.

Actividades a realizar por quen obteña a praza: materias da área. Santiago de Compostela.

Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1  
 Praza número: 1426/1996  
 Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de universidade.  
 Área de coñecemento á que corresponde: enxeñería química.  
 Departamento á que está adscrita: Enxeñería Química.  
 Actividades a realizar por quen obteña a praza: materias da área. Lugo.  
 Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1  
 Praza número: 1427/1996  
 Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de universidade.  
 Área de coñecemento á que corresponde: enxeñería química.  
 Departamento á que está adscrita: Enxeñería Química.  
 Actividades a realizar por quen obteña a praza: materias da área. Lugo.  
 Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1  
 Praza número: 1428/1996  
 Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de universidade.  
 Área de coñecemento á que corresponde: farmacoloxía.  
 Departamento á que está adscrita: Farmacoloxía.  
 Actividades a realizar por quen obteña a praza: farmacoloxía e terapéutica. Lugo.  
 Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1  
 Praza número: 1429/1996  
 Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de universidade.  
 Área de coñecemento á que corresponde: filoloxía española.  
 Departamento á que está adscrita: Filoloxía Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral.  
 Actividades a realizar por quen obteña a praza: filoloxía española (gramática histórica do español). Santiago de Compostela.  
 Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1  
 Praza número: 1430/1996  
 Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de universidade.  
 Área de coñecemento á que corresponde: lingüística xeral.  
 Departamento á que está adscrita: Filoloxía Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral.  
 Actividades a realizar por quen obteña a praza: lingüística xeral. Santiago de Compostela.  
 Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1  
 Praza número: 1431/1996  
 Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de universidade.

Área de coñecemento á que corresponde: filoloxía inglesa.  
 Departamento á que está adscrita: Filoloxía Inglesa e Alemana.  
 Actividades a realizar por quen obteña a praza: historia da lingua inglesa. Santiago de Compostela.  
 Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1  
 Praza número: 1432/1996  
 Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de universidade.  
 Área de coñecemento á que corresponde: filoloxía inglesa.  
 Departamento á que está adscrita: Filoloxía Inglesa e Alemana.  
 Actividades a realizar por quen obteña a praza: literatura americana. Santiago de Compostela.  
 Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1  
 Praza número: 1433/1996  
 Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de universidade.  
 Área de coñecemento á que corresponde: filoloxía inglesa.  
 Departamento á que está adscrita: Filoloxía Inglesa e Alemana.  
 Actividades a realizar por quen obteña a praza: historia da lingua inglesa. Santiago de Compostela.  
 Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1  
 Praza número: 1434/1996  
 Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de universidade.  
 Área de coñecemento á que corresponde: ciencias e técnicas historiográficas.  
 Departamento á que está adscrita: Historia I.  
 Actividades a realizar por quen obteña a praza: paleografía e diplomática. Santiago de Compostela.  
 Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1  
 Praza número: 1435/1996  
 Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de universidade.  
 Área de coñecemento á que corresponde: matemática aplicada.  
 Departamento á que está adscrita: Matemática Aplicada.  
 Actividades a realizar por quen obteña a praza: cálculo e ecuacións diferenciais en enxeñería química. Santiago de Compostela.  
 Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1  
 Praza número: 1436/1996  
 Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de universidade.  
 Área de coñecemento á que corresponde: química inorgánica.  
 Departamento á que está adscrita: Química Inorgánica.

Actividades a realizar por quen obteña a praza: química inorgánica. Santiago de Compostela.

Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1

Praza número: 1419/1996

Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de universidade.

Área de coñecemento á que corresponde: teoría e historia da educación.

Departamento á que está adscrita: Teoría e Historia da Educación.

Actividades a realizar por quen obteña a praza: educación ambiental. Santiago de Compostela.

Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1

Praza número: 1437/1996

Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de escola universitaria.

Área de coñecemento á que corresponde: didáctica da expresión corporal.

Departamento á que está adscrita: Didáctica da Expresión Musical, Plástica e Corporal.

Actividades a realizar por quen obteña a praza: educación física especial. Lugo.

Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1

Praza número: 1438/1996

Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de escola universitaria.

Área de coñecemento á que corresponde: didáctica e organización escolar.

Departamento á que está adscrita: Didáctica e Organización Escolar

Actividades a realizar por quen obteña a praza: bases psicopedagóxicas da educación especial. Santiago de Compostela.

Clase de convocatoria: concurso.

Número de prazas: 1

Praza número: 1439/1996

Corpo ó que pertence a praza: profesor titular de escola universitaria.

Área de coñecemento á que corresponde: estatística e investigación operativa.

Departamento á que está adscrita: Estatística e Investigación Operativa.

Actividades a realizar por quen obteña a praza: materias da área. Lugo.

Clase de convocatoria: concurso.

## ANEXO II

## UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Excmo. e Magfo. Sr.:

Convocado(s) a concurso de..... praza(s) de profesorado dos corpos docentes desta universidade, solicito ser admitido como aspirante para a súa provisión.

1. DATOS DA PRAZA CONVOCADA A CONCURSO	
Praza núm.....	.....
Corpo docente de.....	.....
Área de coñecemento.....	.....
Departamento.....	.....
Actividades asignadas á praza na convocatoria.....	.....
Data de convocatoria.....	(-BOE de.....)
Clase de convocatoria: Concurso de acceso <input type="checkbox"/>	Concurso de méritos <input type="checkbox"/>

2. DATOS PERSOAIS			
Primeiro apelido		Segundo apelido	
		Nome	
Data de nacemento	Lugar	Provincia	DNI
Domicilio		Teléfono	
Municipio	Provincia	Código Postal	
No caso de ser funcionario público de carreira:			
Denominación do corpo	Organismo	Data de ingreso	N.º rexistro de persoal
Situación { Activo <input type="checkbox"/>			
Excedente <input type="checkbox"/> Voluntario <input type="checkbox"/> Especial <input type="checkbox"/> Outras ...			

3. DATOS ACADÉMICOS	
Títulos	Data de obtención
.....	.....
.....	.....
.....	.....
.....	.....
Dacencia previa: .....	
.....	
.....	

Forma en que se aboan os dereitos e taxas:

Conta corrente 48/2, outros ingresos, Caixa Galicia, oficina principal de Santiago de Compostela.

Documentación que se xunta:

.....
.....
.....
.....

O/A QUE ASINA ABAIXO, D./Dña .....

SOLICITA: ser admitido/a ó concurso/méritos á praza de..... na área de coñecemento de..... comprometéndose, en caso de superalo, a formula-lo xuramento ou promesa de acordo co establecido no Real decreto 707/1979, do 5 de abril.

DECLARA: que son certos todos e cada un dos datos consignados nesta solicitude, que reúne as condicións esixidas na convocatoria anteriormente referida e tódalas necesarias para o acceso á función pública.

En..... de..... de 19.....  
Asinado:

ANEXO III

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. DATOS PERSOAIS	
Apelidos e nome.....	.....
Número do DNI.....	Lugar e data de expedición.....
Nacemento: Provincia e localidade.....	Data.....
Residencia: Provincia.....	Localidade.....
Domicilio.....	Teléfono..... Estado civil.....
Facultade ou escola actual.....	.....
Departamento ou unidade docente actual.....	.....
Categoría actual como profesor contratado ou interino.....	.....

2. TÍTULOS ACADÉMICOS			
Clase	Organismo e centro de expedición	Data de expedición	Calificación, de habela

3. POSTOS DOCENTES DESEMPEÑADOS					
Categoría	Organismo ou centro	Réxime de dedicación	Actividade	Data de nomeamento ou contrato	Data de cesamento ou remate

4. ACTIVIDADE DOCENTE DESEMPEÑADA

5. ACTIVIDADE INVESTIGADORA DESEMPEÑADA (programas e postos)

6. PUBLICACIÓNS (libros)		
Título	Data de publicación	Editorial

8. OUTRAS PUBLICACIÓNS

7. PUBLICACIÓNS (artigos) (*)			
Título	Revista ou xornal	Data de publicación	Número de páxinas

9. OUTROS TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN

(\*) Indicar traballos en prensa, xustificando a súa aceptación pola revista editora.

10. PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN SUBVENCIONADOS

12. PATENTES
1. ....
2. ....
3. ....
4. ....

11. COMUNICACIÓN E RELATORIOS PRESENTADOS A CONGRESOS (*)

13. CURSOS E SEMINARIOS DISPENSADOS (con indicación de centro, organismo, materia, actividade desenvolvida e data)

(\*) Inducendo título, lugar, data, entidade organizadora e carácter nacional ou internacional.

14. CURSOS E SEMINARIOS RECIBIDOS (con indicación de centro ou organismo, materia e data de celebración)

17. OUTROS MÉRITOS DOCENTES OU DE INVESTIGACIÓN

15. BOLSAS, AXUDAS E PREMIOS RECIBIDOS (con posterioridade á licenciatura)

18. OUTROS MÉRITOS

16. ACTIVIDADE EN EMPRESAS E PROFESIÓN LIBRE

*Resolución do 12 de novembro de 1996 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de filoloxía inglesa, do departamento de Filoloxía Inglesa e Alemana, a Juan Carlos Acuña Fariña (praza 1358/1995).*

De conformidade coa proposta elevada pola comisión constituída para xulga-lo concurso, convocado por resolución desta universidade do 4 de xaneiro de 1996 (BOE do 9 de febreiro) para a provisión da praza de profesor titular de universidade da área de coñecemento de filoloxía inglesa, do departamento de Filoloxía Inglesa e Alemana, da Universidade de Santiago de Compostela, a favor de Juan Carlos Acuña Fariña, e cumprindo o interesado os requisitos a que alude o artigo 5.2º do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Juan Carlos Acuña Fariña, profesor titular de universidade da área de coñecemento de filoloxía inglesa, do departamento de Filoloxía Inglesa e Alemana, da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 1996.

F. Darío Villanueva Prieto  
Rector da Universidade de Santiago de Compostela

*Resolución do 12 de novembro de 1996 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de filosofía, do departamento de Filosofía e Antropoloxía Social, a Marcelino Agis Villaverde (praza 1381/1996).*

De conformidade coa proposta elevada pola comisión constituída para xulga-lo concurso, convocado por resolución desta universidade do 21 de febreiro de 1996 (BOE do 18 de marzo de 1996) para a provisión da praza de profesor titular de universidade da área de coñecemento de filosofía, do departamento de Filosofía e Antropoloxía Social, da Universidade de Santiago de Compostela, a favor de Marcelino Agis, Villaverde, e cumprindo o interesado os requisitos a que alude o artigo 5.2º do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Marcelino Agis Villaverde, profesor titular de universidade da área

de coñecemento de filosofía, do departamento de Filosofía e Antropoloxía Social, da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 1996.  
F. Darío Villanueva Prieto  
Rector da Universidade de Santiago de Compostela

## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN DE MUROS

*Edicto (189/1996).*

En cumprimento do acordado por providencia de data 17 de setembro de 1996, a xuíza do Xulgado de Primeira Instancia de Muros (A Coruña) fai saber que neste xulgado e co nº 189/1996, por instancia de M<sup>a</sup> José Caamaño París e María Rama Suárez, representadas polo procurador Uhía Bermúdez, sobre declaración de falecemento dos seus homes Ramiro Enrique Riomayor Nine e Joaquín Manuel Rama Suárez, con domicilio en Ribeira de Mallo e Reboredo, Esteiro, Muros, nados o 28 de agosto de 1961 e o 3 de febreiro de 1944, respectivamente.

Ramiro Enrique Riomayor Nine e Joaquín Manuel Rama Suárez eran tripulantes do buque de carga Tamber River, propiedade da empresa *Tamber River Shipping Co*, ata a súa desaparición en naufraxio acaecido o día 13 de agosto de 1994.

A embarcación navegaba polas augas do estreito de Xibraltar con dirección ó Funchal (Madeira), cando sobreveu unha forte ondada e a súa acometida arrancou parte da borda de estribor, orixinándose unha gran vía de auga que escorou fortemente o barco, o cal foi abandonado dado o inevitable do seu afundimento.

A forte ondada impediu o correcto arriado dos botes salvavidas caendo ó mar envorcados, varios tripulantes conseguiron alcanzalos pero os esposos das promoventes non o lograron e desapareceron nas augas.

Durante tres días levouse a cabo un intenso rastrexo de posibles superviventes sen ningún resultado.

O que para os fins previstos nos artigos 2042 e seguintes da LEC en relación cos artigos 193 e concordantes do Código civil, faise público mediante o presente edicto o cal se publicará no taboleiro de anuncios deste xulgado, no *Boletín Oficial del Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*, por dúas veces e co intervalo de quince días, para os efectos legais e para que calquera persoa que o considere oportuno poida comparecer perante este xulgado para ser oído no mencionado expediente.

Dado en Muros o 17 de setembro de 1996.

A xuíza  
Rubricado

A secretaria  
Rubricado

**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E  
INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA**

*Edicto (205/1996).*

Manuel Pérez Echenique, maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número un dos de Santiago de Compostela e o seu partido, fai saber que, nos autos de xuízo executivo, seguidos con número 205 de 1996, se dictou sentenza con data 8 de outubro de 1996, que ten un encabezamento e decisión do teor literal seguinte:

«Vistos por Manuel Pérez Echenique, maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número un desta cidade e o seu partido, os presentes autos de xuízo executivo seguidos neste xulgado ó número 205 de 1996, entre partes, dunha como demandante *Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra*, domiciliada en Pontevedra, representada en autos polo procurador García Piccoli Atanes, asistida do letrado Laren Lamas e doutra como demandados, Rosa Raña Ramos, veciña desta cidade, con domicilio na rúa Hórreo, nº 5-1-C e a entidade *Cetycar, S.A.*, con domicilio actual descoñecido, incomparecidos e en situación procesual de rebeldía, sobre póliz de conta de crédito.

Decido que debo mandar e mando seguir adiante a execución despachada neste proceso contra Rosa Raña Ramos e a entidade *Cetycar, S.A.*, facendo remate dos bens embargados e que se embarguen e o seu produto enteiro e cumprido pagamento á parte executante *Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra*, da suma principal de 1.912.159 pesetas, gastos, xuros pactados e legais e custas causadas e que causen, que preceptivamente se imponen á parte debedora, a quen será notificada esta resolución na forma e modo en que dispón a lei para os rebeldes; facéndolles saber ás partes que esta resolución non é firme e contra ela cabe recurso de apelación dentro de cinco días perante a Audiencia Provincial da Coruña.

Lévese certificación ó preito principal.

Así por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia e instrucción, pronúncioo, mándoo e asínoo».

A anterior sentenza foi publicada no mesmo día da súa data.

E para que lle sirva de notificación á entidade demandada *Cetycar, S.A.*, expido o presente edicto en Santiago de Compostela o oito de outubro de mil novecentos noventa e seis.

O maxistrado-xuíz

Rubricado

A secretaria  
Rubricado

**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E  
INSTRUCCIÓN NÚMERO DOUS DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

*Cédula de notificación de sentenza  
(469/1994).*

Gonzalo Jorge Cabaleiro de Saa, secretario da Administración de Xustiza, con destino no Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número dous de Santiago de Compostela.

Certifico: que no libro de sentencias dictadas por este xulgado en procedementos civís consta a recaída nos autos de menor contía número 469/1994, que ten como encabezamento e parte dispositiva o seguinte:

«Sentencia: en Santiago de Compostela, o vintedous de xullo de mil novecentos noventa e seis.

Francisco Javier Míguez Poza, maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número dous de Santiago de Compostela e o seu partido xudicial, viu os presentes autos de xuízo de menor contía seguidos neste xulgado baixo o número 469/1994, por instancia de Manuel Tejo Nieves e Ignacio Novio Cepeda, representados polo procurador Regueiro Muñoz, asistido do letrado Paz Sueiro, contra María Viéitez Cutrín, Manuel Novio Viéitez, Juan Novio Viéitez, Hortensia Novio Viéitez, representados pola procuradora Sánchez Silva, asistido do letrado López Fernández e contra persoas descoñecidas e incertas que puidesen estar interesadas na herdanza de Andrés Novio Nieves, en situación procesual de rebeldía.

Que debo estimar e estimo a demanda interposta polo procurador Regueiro Muñoz, en nome e representación de Manuel Tejo Nieves e Ignacio Novio Cepeda contra María Viéitez Cutrín, Manuel Novio Viéitez, Juan Novio Viéitez, Hortensia Novio Viéitez, representadas pola procuradora Sánchez Silva e contra persoas descoñecidas e incertas. Declarando:

a) Que os predios nº 1523, 1522 e 1521 da zona de concentración parcelaria de Eixo-Marrozos, no termo municipal de Santiago de Compostela, da propiedade respectivamente de Ignacio Novio Cepeda, Manuel Tejo Nieves, Florinda Viéitez Gamas, descritas no feito primeiro da demanda ten dereito para a súa rega ó aproveitamento de augas que discorren polos predios número 1.491 e 1.492 da repetida zona de concentración parcelaria á que aluden no feito terceiro propiedade da primeira dos demandados Manuel, Juan e Hortensia Novio Viéitez, como herdeiros de Andrés Novio Viéitez e a segunda da propiedade de María Viéitez Cutrín.

b) Que os demandados deben repo-lo estanque sito no predio número 1.492 e o leito que atravesa os predios números 1.491 e 1.492 da súa propiedade que se alude no feito terceiro, ó ser e estado que sempre tiveron, de tal maneira que as augas discorran para a rega dos predios 1.523, 1.522 e 1.521,



sen obstáculo ningún, todas da citada zona de concentración parcelaria, debendo de absterse no sucesivo de todo acto que supoña perturbación do aproveitamento en cuestión.

Condenando os demandados a pasar por estas declaracións a repo-lo estanque e leito a que se rexeran no seu anterior estado realizando as obras necesarias para tal efecto.

Non se fai condena en canto ás custas procesuais.

Contra esta resolución poderá interperse neste xulgado recurso de apelación por escrito no prazo de cinco días contados desde a súa notificación.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que así conste e para a súa publicación no DOG e notificación ós demandados descoñecidos e incertos que puidesen ter interese na herdanza de Andrés Novio Víítez, expido, asino e selo a presente cédula en Santiago de Compostela o sete de outubro de mil novecentos noventa e seis.

O secretario xudicial  
Rubricado

*Edicto (141/1993).*

Francisco Javier Míguez Poza, maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número dous dos de Santiago de Compostela,

Fago saber que neste xulgado se seguen autos procedemento de xuízo executivo baixo o número 141/1993, por instancia de *Banco Pastor, S.A.*, representado polo procurador Regueiro Muñoz, contra José Manuel Mayán Santos e *Programa Industrias e Laboratorios, S.A.*, nos cales se acordou sacar a pública poxa, por termo de vinte días, os bens que logo se dirán, coas seguintes condicións:

Primeira.-Sinalouse para que teña lugar o remate en primeira poxa o próximo día 24 de xaneiro de 1997, ás 10 horas, na sala de audiencia deste xulgado, polo tipo de 63.550.000 ptas.

Segunda.-Para o suposto de que resultase deserta a primeira, sinalouse para a segunda poxa o próximo día 24 de febreiro de 1997, ás 10 horas na sala de audiencia deste xulgado, coa rebaixa do 25% do tipo que o foi para a primeira.

Terceira.-Se resultase deserta a segunda, sinalouse para a terceira poxa o próximo día 24 de marzo de 1997, ás 10 horas na sala de audiencia deste xulgado, con suxeición a tipo.

Cuarta.-Nas poxas primeira e segunda non se admitirán ofertas que non cubran o tipo correspondente.

Quinto.-Para tomar parte en calquera das tres poxas tódolos licitadores, con excepción do acreedor demandante, deberán consignar previamente o 20%

do tipo para seren admitidos á licitación, calculándose esta cantidade na terceira poxa respecto ó tipo da segunda, suma que deberá consignarse na conta de depósitos e consignacións deste xulgado aberta no *Banco Bilbao Vizcaya, S.A.*, oficina principal desta cidade, debendo facilita-lo número do expediente ou procedemento seguinte: 1584-17-0141/1993, presentando o resguardo de ingreso.

Sexta.-Os títulos de propiedade dos inmobles poxados atópanse suplidos polas correspondentes certificacións rexistras, que constan en autos, de manifesto na secretaría do xulgado, para que poidan examinalos os que desexen tomar parte na poxa, entendéndose que todo licitador os acepta como bastante, sen que poida esixir ningún outro e que as cargas e gravames anteriores e os preferentes ó crédito do actor, se os houber, continuarán subsistentes e sen cancelar, entendéndose que o adxudicatario os acepta e queda subrogado na necesidade de satisfacelos, sen destinarse á súa extinción o prezo de remate.

Sétima.-Poderán facerse ofertas en prego pechado.

Oitava.-No caso de que tivese que suspenderse calqueira das tres poxas trasládase a súa celebración á mesma hora para o día seguinte hábil dentro da semana en que se sinalase a poxa suspendida.

Novena.-Devolveranse as consignacións efectuadas polos participantes á poxa, agás a que corresponda ó mellor postor, a que se reservará en depósito como garantía do cumprimento da obriga, e, se é o caso, como parte do prezo da venda.

Décima.-Se o acreedor o pedise ata o mesmo momento da celebración da poxa, tamén poderán reservarse en depósito as consignacións dos participantes que así o acepten e que cubrisen coas súas ofertas os prezos da poxa, por se o primeiro adxudicatario non cumprise coa súa obriga e desexasen aproveita-lo remate os outros ofertantes e sempre pola orde destas.

Décimo primeira.-O sinalamento do lugar, día e hora para o remate notificaráselle ó debedor, no predio ou predios poxados e, se é o caso, a publicación dos presentes edictos serve como notificación dos sinalamentos.

Bens obxecto da poxa.

-Entreplanta.

Urbano, número seis, local para vivenda na entreplanta sinalado coa letra C, pertencente a un edificio situado na avenida Romero Donallo, número corenta e dous, desta cidade de Santiago de Compostela. Extensión: cento trinta metros cadrados. Elle anexa unha terraza da extensión de trinta metros cadrados. Estrema coa inclusión da terraza: fronte, coa dita terraza e a terraza anexa, con predio de Francisca Fernández Tarrío e esquerda, coas vivenda S.A. e B, e co relanzo e caixa de escaleiras, e costas coa

dita avenida Romero Donallo e coa caixa das esca-leiras. Inscrita no Rexistro da Propiedade de San-tiago de Compostela, número dous, tomo 814, libro 460, folio 217, predio 33.283, inscrición segunda.

-Piso sexta planta.

Local número sete, piso sexto da casa número vintenove da rúa Doutor Teijeiro, ensta cidade, con superficie útil aproximada de 120 metros cadrados, e un rocho anexo. Inscrita no rexistro da Propiedade número un de Santiago de Compostela, tomo 843, libro 486, folio 110, predio 35.429, inscrición segunda.

-Piso ático.

Local número oito, planta de ático da casa número vintenove da rúa Doutor Teijeiro, nesta cidade, con superficie útil aproximada de 50 metros cadrados. Inscrito no Rexistro da Propiedade, número dous de Santiago de Compostela, tomo 843, libro 486, folio 113, predio 35.430, inscrición segunda.

Resume valoración.

-Entreplanta: 25.300.000 ptas.

-Piso sexto e ático: 38.250.000 ptas.

-Total valoración: 63.550.000 ptas.

Dado en Santiago de Compostela o 7 de outubro de 1996.

Rubricado

*Edicto (154/1996-02).*

Francisco Javier Míguez Poza, maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número dous dos de Santiago de Compostela e o seu partido, fai saber que neste xulgado se tramita xuízo de faltas número 154/1996, por instancia de agentes policía local número 121 e 136 contra Manuel Rivero Álvarez e nas súas actuacións dictouse sentenza que ten como encabezamento e parte dispositiva o seguinte:

«Sentencia. Na cidade de Santiago de Compostela o 3 de outubro de 1996. En nome de El-Rei. Francisco Javier Míguez Poza, maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número dous dos de Santiago de Compostela e o seu partido, despois de ver no xuízo oral e público o expediente de xuízo de faltas número 154/1996, sobre lesións, no que foron partes como denunciante os policías locais números 121 e 136 e, como denunciado Manuel Rivero Álvarez e o Ministerio Fiscal, pronuncio esta sentenza.

Decido que debo absolver e absolvo libremente a Manuel Rivero Álvarez da falta da que viña sendo inculpado neste procedemento e declaro de oficio as custas procesuais causadas en primeira instancia.

Contra a presente resolución poderase interpor recurso de apelación por escrito presentado ante este xulgado no prazo de cinco días contados desde a súa notificación».

E para que conste e lle sirva de notificación a Manuel Rivero Álvarez, expido e asino este edicto en Santiago de Compostela o 10 de outubro de 1996.

Rubricado

*Edicto (200/1996-02).*

Francisco Javier Míguez Poza, maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número dous dos de Santiago de Compostela e o seu partido, fai saber que neste xulgado se tramita xuízo de faltas número 200/1996, por instancia de Manuel García Pallares e Santiago Varela Dourado contra estes e nas súas actuacións dictouse sentenza que ten como encabezamento e parte dispositiva o seguinte:

«Sentencia. Na cidade de Santiago de Compostela o 3 de outubro de 1996. En nome de El-Rei. Francisco Javier Míguez Poza, maxistrado-xuíz de Primeira Instancia e Instrucción número dous dos de Santiago de Compostela e o seu partido, despois de ver no xuízo oral e público o expediente de xuízo de faltas número 200/1996, sobre lesións, no que foron partes como denunciante-denunciados Manuel García Pallares e Santiago Varela Dourado, asistido este último polo letrado José Ramón Sánchez Magariños e o Ministerio Fiscal, pronuncio esta sentenza.

Decido que debo absolver e absolvo libremente a Manuel García Pallares e Santiago Varela Dourado da falta da que viña sendo inculpado neste procedemento e declaro de oficio as custas procesuais causadas en primeira instancia.

Contra o presente edicto poderase interpor recurso de apelación por escrito presentado ante este xulgado no prazo de cinco días contados desde a súa notificación».

E para que conste e lle sirva de notificación a Manuel García Pallares, expido e asino este edicto en Santiago de Compostela o 10 de outubro de 1996.

Rubricado

**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO CATRO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

*Cédula de notificación (218/1990).*

Lorenzo Villalpando Lucas, secretario do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número catro de Santiago de Compostela, dou fe que nos autos dos que se farán mención, dictouse sentenza que ten como encabezamento e parte dispositiva o seguinte:

«En Santiago de Compostela o vinteito de xuño de mil novecentos noventa e seis.

Vistos os presentes autos de xuízo verbal, número 218/1990, seguidos por instancia de José Nogueira Villar, contra Lucía Pereira Fernández e contra a Cía de seguros *Hemisferio L'Abeille*, en situación procesual de rebeldía.

Decido que considerando a demanda interposta por Lucía Pereira Fernández, contra José Nogueira Villar, Juan Nogueira Martínez e contra a aseguradora *Velázquez, S.A.*, debo condenar e condeno os ditos demandados a pagar solidariamente á demandante a cantidade de 84.467 ptas. máis 25.000 ptas. por demérito e paralización e á mencionada compañía o xuro anual do 20% da indemnización desde a data do sinistro con desestimación da demanda interposta por José Nogueira Villar e imposición das custas ós demandados vencidos.

Notifíquese esta sentenza ó demandado rebelde de conformidade co establecido no artigo 769 da LEC.

Advirtase ás partes que esta sentenza non é firme e contra ela cabe interpor recurso de apelación por escrito ante este xulgado dentro do prazo de cinco días contados desde a súa notificación e perante a Audiencia Provincial da Coruña.

Así por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia* e para que sirva de notificación en forma ó demandado en rebeldía Cía de seguros *Hemisferio L'Abeille*, expido e asino a presente cédula de notificación en Santiago de Compostela o vinteseis de xuño de mil novecentos noventa e seis.

O secretario  
Rubricado

## **XULGADO DO PENAL NÚMERO UN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

*Requisitoria (174/1996).*

Apelidos e nome: Cabello Jiménez, Celestino, nado en Madrid, o día 26 de marzo de 1969, fillo de Lorenzo e de Anastasia, con domicilio na r/ Curros Enríquez número 27-2º, Santiago de Compostela, e en San Fernando de Henares (Madrid), rúa Horta, número 107, con DNI 7.513.234.

Acusado no procedemento abreviado número 174/1996, sobre delicto de atentado e falta de danos, dimanante das dilixencias policiais con rexistro de saída 1997, de data 5 de maio de 1995, da Comisaría de Policía de Santiago de Compostela, deberá comparecer dentro do termo de dez días ante o Xulgado do Penal número un de Santiago de Compostela, para constituírse en prisión e responder dos cargos que lle resulten, apercibíndoo de que,

de non verificalo, será declarado rebelde e recaerán sobre el os prexuízos a que haxa lugar en dereito.

En Santiago de Compostela o dous de outubro de mil novecentos noventa e seis.

O maxistrado-xuíz  
Rubricado

O secretario xudicial  
Rubricado

## **VI. ANUNCIOS**

### **a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA**

#### **CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO**

*Resolución do 16 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 391/1996 A.T.).*

Para os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sométese a información pública a petición de instalación de desvío de liñas eléctricas na nova estrada de enlace do concello de Cambados coa vía rápida Pontevedra-Sanxenxo, coas seguintes características especiais:

Peticionario: *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*

Lugar no que se vai establece-la instalación: desde o apoio 26 da L.M.T. ó C.T. Molinos e ramatan no apoio n.28 da mesma liña, concellos de Cambados e Ribadumia.

Finalidade da instalación: desvío de liñas por construción de estrada.

Características principais: L.M.T., aérea, a 20 kV, de 141 m de lonxitude, con conductor tipo LA-56, sobre apoios de formigón. R.B.T., aérea, de 1.670 m de lonxitude, con conductor tipo R.Z., sobre apoios de formigón.

Orzamento: 5.695.008 ptas.

O que se fai público para que poida ser examinado o proxecto da instalación nestas oficinas, sitas na Rúa Nova de Abaixo, nº 2, e formularse contra el as reclamacións, por duplicado, que se consideren oportunas, no prazo de trinta días contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución.

Pontevedra, 16 de outubro de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 28 de outubro de 1996, da Dirección Xeral de Industria, pola que se lle autoriza a instalación dunha planta de coxeración de enerxía eléctrica á empresa Anodizados de Sabón, S.A., no concello de Arteixo (A Coruña), e se inclúe no réxime especial creado polo Real decreto 2366/1994. (Expediente 443/1996).*

Visto o escrito presentado pola empresa *Anodizados de Sabón, S.A.*, con enderezo para efectos de notificacións en polígono industrial de Sabón, parcela 112-Arteixo (A Coruña), e tendo en conta os seguintes feitos:

Primeiro.-O día 28 de maio de 1996, a referida empresa, adicada ó anodizado e lacado de pezas de aluminio, solicitou a autorización administrativa e o recoñecemento da condición de instalación acollida ó réxime especial de produción de enerxía eléctrica creado polo Real decreto 2366/1994, do 9 de decembro, sobre produción de enerxía eléctrica por instalacións hidráulicas, de coxeración e outras abastecidas por recursos ou fontes de enerxías renovables, para a planta de coxeración que ten previsto instalar na súa factoría do concello de Arteixo (A Coruña). Xunta á dita solicitude o preceptivo anteproxecto das instalacións, o estudio dos rendementos enerxéticos alcanzables e de aforro de enerxía que se conseguirán coa posta en servizo das instalacións proxectadas e o resto da documentación a que fai referencia o artigo 5.4º do citado Real decreto 2366/1994.

As características técnicas básicas da planta de coxeración serán as seguintes:

-Dous motores de catro tempos, ciclo diésel, para gasóleo, de 1.165 kW cada un; dous alternadores síncronos trifásicos de 1.056 kVA de potencia nominal c/u, tensión de xeración 0,4 kV; un transformador de tensión de 2,5 mVA de 400 V/15-20 kV; outras instalacións auxiliares e de interconexión coa rede de compañía distribuidora.

Segundo.-De conformidade co establecido no Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctricas, de aplicación ó presente expediente en virtude do establecido na disposición transitoria primeira da Lei 40/1994, do 30 de decembro, de ordenación do sistema eléctrico nacional, a Delegación Provincial da Consellería de Industria e Comercio da Coruña dictou Resolución do 10 de xuño de 1996 pola que se someteu a información pública a autorización administrativa da instalación de referencia, que se publicou no DOG do 5-8-1996 e no BOP da Coruña do 5-8-1996, sen que se presentase no período legalmente establecido para iso alegación ningunha.

Terceiro.-A solicitude obxecto deste expediente recibiu informe favorable da dita delegación provincial.

Cuarto.-Na tramitación do presente expediente observáronse as formalidades legais.

## Fundamentos de dereito

Primeiro.-A Dirección Xeral de Industria é competente para resolver este expediente con base no Estatuto de autonomía de Galicia, no Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, no Decreto 132/1982, do 4 de novembro e no Decreto 209/1990, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Industria e Comercio, modificado polos decretos 140/1991, do 2 de maio e 292/1995, do 3 de novembro, en relación co Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctrica e o Real decreto 2366/1994, do 9 de decembro.

Segundo.-A planta de coxeración proxectada supera os rendementos enerxéticos mínimos que para o tipo de combustible se establecen no anexo do citado Real decreto 2366/1994, sendo realizado o expediente con cumprimento da tramitación regulamentaria.

Terceiro.-Examinada a documentación que consta no expediente, queda de manifesto que debe accederse ó solicitado pola empresa *Anodizados de Sabón, S.A.* e, por conseguinte, proceder á autorización administrativa da planta e a recoñecerlle a condición de instalación acollida ó réxime especial do Real decreto 2366/1994.

Vistos os preceptos legais e os demais de pertinente e xeral aplicación, esta dirección xeral,

## RESOLVE:

Primeiro.-Autoriza-la instalación dunha planta de coxeración á empresa *Anodizados de Sabón, S.A.* a situar nas instalacións da factoría que a dita empresa ten en Arteixo (A Coruña).

Segundo.-Recoñecerlle á planta de coxeración autorizada a condición de instalación acollida ó réxime especial do Real decreto 2366/1994, e incluíla no grupo d) do artigo 2 do dito real decreto.

Como requisito necesario para a aplicación do réxime especial á dita instalación, a citada empresa deberá inscribir aquela no Rexistro de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica en Réxime Especial da Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola orde da Consellería de Industria e Comercio do 5 de xullo de 1995 (DOG do 14-7-1995), para o que acreditará o cumprimento das condicións previstas no artigo 11 do Real decreto 2366/1994, presentando a documentación que figura nas instrucións dictadas por esta dirección xeral en desenvolvemento da citada orde.

O promotor presentará ante a Delegación Provincial da Consellería de Industria e Comercio da Coruña, no prazo dun ano contado a partir da data de publicación no DOG da presente resolución, o proxecto de execución da planta de coxeración autorizada, a cal conterá os datos e condicións técnicas para a realización das instalacións de conexión da central á rede, que serán facilitados pola empresa

que distribúa enerxía eléctrica na zona, así como o punto de interconexión.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer recurso ordinario perante o conselleiro de Industria e Comercio da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir da data da súa aplicación.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 1996.

Joaquín del Moral Crespo  
Director xeral de Industria

*Resolución do 28 de outubro de 1996, da Dirección Xeral de Industria, pola que se lle autoriza a instalación dunha planta de coxeración de enerxía eléctrica á empresa Artabra, S.A., no concello de Arteixo (A Coruña), e se inclúe no réxime especial creado polo Real decreto 2366/1994. (Expediente 461/1996).*

Visto o escrito presentado pola empresa *Artabra, S.A.*, con enderezo para efectos de notificacións en Suevos, 15142 Arteixo (A Coruña), e tendo en conta os seguintes feitos:

Primeiro.-O día 3 de xuño de 1996, a referida empresa, dedicada á elaboración de fariñas e aceites de peixe, fariñas de carne-oso e graxa, cereais e sementes oleaxinosas por extrusión, solicitou a autorización administrativa e o recoñecemento da condición de instalación acollida ó réxime especial de produción de enerxía eléctrica creado polo Real decreto 2366/1994, do 9 de decembro, sobre produción de enerxía eléctrica por instalacións hidráulicas, de coxeración e outras abastecidas por recursos ou fontes de enerxía renovables, para a planta de coxeración que ten previsto instalar na súa factoría do concello de Arteixo (A Coruña). Xunta á dita solicitude o preceptivo anteproxecto das instalacións, o estudo dos rendementos enerxéticos alcanzables e de aforro de enerxía que se conseguirán coa posta en servicio das instalacións proxectadas e o resto da documentación a que fai referencia o artigo 5.4º do citado Real decreto 2366/1994.

As características técnicas básicas da planta de coxeración serán as seguintes:

-Dous motores de combustión interna alaternativos alimentados por fuelóleo/gasóleo ou gas natural, de 6.590 kW cada un; dous xeradores síncronos trifásicos de 7.937 kVA c/u, tensión de xeración a 6 kV; un centro de transformación r/t 20/6, con dous transformadores de 7,9 mVA c/u, montado en interior, instalacións de interconexión coa liña eléctrica da compañía distribuidora e instalacións complementarias de aproveitamento de calor y de protección eléctrica, mando, sinalización e medida.

Segundo.-De conformidade co establecido no Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctricas, de aplicación

ó presente expediente en virtude do establecido na disposición transitoria primeira da Lei 40/1994, do 30 de decembro, de ordenación do sistema eléctrico nacional, a Delegación Provincial da Consellería de Industria e Comercio da Coruña dictou Resolución do 10 de xuño de 1996 pola que se someteu a información pública a autorización administrativa da instalación de referencia, que se publicou no DOG do 1-7-1996 e no BOP da Coruña do 28-7-1996, sen que se presentase no período legalmente establecido para iso alegación ningunha.

Terceiro.-A solicitude obxecto deste expediente recibiu informe favorable da dita delegación provincial.

Cuarto.-Na tramitación do presente expediente observáronse as formalidades legais.

#### Fundamentos de dereito

Primeiro.-A Dirección Xeral de Industria é competente para resolver este expediente con base no Estatuto de autonomía de Galicia, no Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, no Decreto 132/1982, do 4 de novembro e no Decreto 209/1990, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Industria e Comercio, modificado polos decretos 140/1991, do 2 de maio e 292/1995, do 3 de novembro, en relación co Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctrica e o Real decreto 2366/1994, do 9 de decembro.

Segundo.-A planta de coxeración proxectada supera os rendementos enerxéticos mínimos que para o tipo de combustible se establecen no anexo do citado Real decreto 2366/1994, sendo realizado o expediente con cumprimento da tramitación regulamentaria.

Terceiro.-Examinada a documentación que consta no expediente, queda de manifesto que debe accederse ó solicitado pola empresa *Artabra, S.A.* e, por conseguinte, proceder á autorización administrativa da planta e a recoñecerlle a condición de instalación acollida ó réxime especial do Real decreto 2366/1994.

Vistos os preceptos legais e os demais de pertinente e xeral aplicación, esta dirección xeral,

#### RESOLVE:

Primeiro.-Autoriza-la instalación dunha planta de coxeración á empresa *Artabra, S.A.*, que se situa nas instalacións da factoría que a dita empresa ten en Suevos, Arteixo (A Coruña).

Segundo.-Recoñecerlle á planta de coxeración autorizada a condición de instalación acollida ó réxime especial do Real decreto 2366/1994, e incluíla no grupo d) do artigo 2 do dito real decreto.

Como requisito necesario para a aplicación do réxime especial á dita instalación, a citada empresa deberá inscribir aquela no Rexistro de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica en Réxime

Especial da Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola orde da Consellería de Industria e Comercio do 5 de xullo de 1995 (DOG do 14-7-1995), para o que acreditará o cumprimento das condicións previstas no artigo 11 do Real decreto 2366/1994, presentando a documentación que figura nas instrucións dictadas por esta dirección xeral en desenvolvemento da citada orde.

O promotor presentará ante a Delegación Provincial da Consellería de Industria e Comercio ..., no prazo dun ano contado a partir da data de publicación no DOG da presente resolución, o proxecto de execución da planta de coxeración autorizada, a cal conterá os datos e condicións técnicas para a realización das instalacións de conexión da central á rede, que serán facilitados pola empresa que distribúa enerxía eléctrica na zona, así como o punto de interconexión.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer recurso ordinario perante o conselleiro de Industria e Comercio da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir da data da súa aplicación.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 1996.

Joaquín del Moral Crespo  
Director xeral de Industria

*Resolución do 29 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 232/1996 A.T.).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial por instancia de *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*, con domicilio en Vigo no que solicita autorización para instalar unha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Castiñeiras-Riobó, concello da Estrada, e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo 9 do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxección ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1634/1980, artigo 14, e co 2617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes, resolveu,

Autorizar a *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* a instalación dunha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Castiñeiras-Riobó, concello da Estrada.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.

Pontevedra, 29 de outubro de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 29 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 238/1996 A.T.).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial por instancia de *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*, con domicilio en Vigo no que solicita autorización para instalar unha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Angueiro-Madanela, concello de Cangas, e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo 9 do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxección ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1634/1980, artigo 14, e co 2617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes, resolveu,

Autorizar a *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* a instalación dunha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Angueiro-Madanela, concello de Cangas.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.

Pontevedra, 29 de outubro de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 29 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 240/1996 A.T.).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial por instancia de *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*, con domicilio en Vigo no que solicita autorización para instalar unha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Aspera-Portela, concello de Barro, e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo 9 do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxección ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1634/1980, artigo 14, e co 2617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes, resolveu,

Autorizar a *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* a instalación dunha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Aspera-Portela, concello de Barro.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.

Pontevedra, 29 de outubro de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 29 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 241/1996 A.T.).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial por instancia de *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*, con domicilio en Vigo no que solicita autorización para instalar unha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Avda. Castelao-Cangas, concello de Cangas, e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo 9 do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxección ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1634/1980, artigo 14, e co 2617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes, resolveu,

Autorizar a *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* a instalación dunha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Avda. Castelao, concello de Cangas.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.

Pontevedra, 29 de outubro de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 29 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 251/1996 A.T.).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial por instancia de *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*, con domicilio en Vigo no que solicita autorización para instalar unha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en San Xoán de Tabagón II, concello do Rosal, e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo 9 do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxección ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1634/1980, artigo 14, e co 2617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes, resolveu,

Autorizar a *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* a instalación dunha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en San Xoán de Tabogán II, concello do Rosal.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.

Pontevedra, 29 de outubro de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 30 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 370/1995 A.T.).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial por instancia de *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*, con domicilio en Vigo no que solicita autorización para instalar unha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Breixa, concello de Silleda, e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo 9 do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxección ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1634/1980, artigo 14, e co 2617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes, resolveu,

Autorizar a *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* a instalación dunha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Breixa, concello de Silleda.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.

Pontevedra, 30 de outubro de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 30 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 233/1996 A.T.).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial por instancia de *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*, con domicilio en Vigo no que solicita autorización para instalar unha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Alemparte, concello de Lalín, e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo 9 do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxección ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1634/1980, artigo 14, e co 2617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes, resolveu,

Autorizar a *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* a instalación dunha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Alemparte, concello de Lalín.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.

Pontevedra, 30 de outubro de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 30 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 243/1996 A.T.).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial por instancia de *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*, con domicilio en Vigo no que solicita autorización para instalar L.M.T.S. subestación troncal-Spar, concello de Vigo, e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo 9 do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxección ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1634/1980, artigo 14, e co 2617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes, resolveu,

Autorizar a *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* a instalación de L.M.T.S. subestación troncal-Spar, concello de Vigo.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.

Pontevedra, 30 de outubro de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 30 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 250/1996 A.T.).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial por instancia de *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*, con domicilio en Vigo no que solicita autorización para instalar unha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Barcia-Riobó, concello da Estrada, e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo 9 do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxección ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1634/1980, artigo 14, e co 2617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes, resolveu,

Autorizar a *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* a instalación dunha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Barcia-Riobó, concello da Estrada.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.

Pontevedra, 30 de outubro de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 30 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se declara de utilidade pública a instalación eléctrica que se cita. (Expediente 265/1996 A.T.).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial a petición de *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* con domicilio en Vigo no que solicita autorización e declaración de utilidade pública para o establecemento da instalación eléctrica de media tensión L.M.T. en Baíña-Ramil, concello de Agolada, e cumpridos os trámites regulamentarios ordenados no capítulo III do regulamento aprobado polo Decreto 2619/1966, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas, e de acordo co disposto no Real decreto 1634/1980, sobre transferencias de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de industria, esta delegación provincial, resolveu:

Autorizar a *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* a instalación eléctrica que ten como características principais as seguintes: L.M.T., aérea, a 20 kV de 7.409 m de lonxitude, con conductor tipo LA-56 sobre apoios de formigón, desde a L.M.T. Santa Comba-Baíña, rematando no C.T. existente de Ramil, concello de Agolada.

Declara-la utilidade pública da instalación eléctrica que se autoriza, para os efectos sinalados na Lei 10/1966, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas, e no seu regulamento de aplicación do 20 de outubro de 1966.

Esta instalación non poderá entrar en servizo mentres o seu peticionario non conte coa aprobación do proxecto de execución, logo de cumprí-los trámites que se sinalan no capítulo VI do citado Decreto 2617/1966, do 20 de outubro.

Pontevedra, 30 de outubro de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 30 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se declara de utilidade pública a instalación eléctrica que se cita. (Expediente 273/1996 A.T.).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial a petición de *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* con domicilio en Vigo, no que solicita autorización e declaración de utilidade pública para o establecemento da instalación eléctrica de media tensión L.M.T. en Bandeira, concello de Silleda, e cumpridos os trámites regulamentarios ordenados no capítulo III do regulamento aprobado polo Decreto 2619/1966, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas, e de acordo co disposto no Real decreto 1634/1980, sobre transferencias de competencias da Administración do



Estado á Xunta de Galicia en materia de industria, esta delegación provincial, resolveu:

Autorizar a *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* a instalación eléctrica que ten como características principais as seguintes: L.M.T., aérea, a 20 kV, de 3.334 m de lonxitude total, sendo 1.635 m con conductor tipo LA-110 e 1.659 m con conductor tipo LA-56, sobre apoios de formigón, desde o apoio n.245 da L.M.T. A Estrada-Toxa rematando no C.T. existente en Bandeira, concello de Silleda.

Declara-la utilidade pública da instalación eléctrica que se autoriza, para os efectos sinalados na Lei 10/1966, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas, e no seu regulamento de aplicación do 20 de outubro de 1966.

Esta instalación non poderá entrar en servizo mentres o seu peticionario non conte coa aprobación do proxecto de execución, logo de cumprí-los trámites que se sinalan no capítulo VI do citado Decreto 2617/1966, do 20 de outubro.

Pontevedra, 30 de outubro de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 30 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 293/1996 A.T.).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial por instancia de *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*, con domicilio en Vigo no que solicita autorización para instalar unha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Lama de Mena, concello de Rodeiro, e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo 9 do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxección ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1634/1980, artigo 14, e co 2617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes, resolveu,

Autorizar a *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* a instalación dunha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Lama de Mena, concello de Rodeiro.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.

Pontevedra, 30 de outubro de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 30 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 294/1996 A.T.).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial por instancia de *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*, con domicilio en Vigo no que solicita autorización para instalar unha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Mota-Riobó, concello da Estrada, e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo 9 do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxección ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1634/1980, artigo 14, e co 2617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes, resolveu,

Autorizar a *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* a instalación dunha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Mota-Riobó, concello da Estrada.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.

Pontevedra, 30 de outubro de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 30 de outubro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente 300/1996 A.T.).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial por instancia de *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*, con domicilio en Vigo no que solicita autorización para instalar unha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Sameán-Arcade, concello da Soutomaior, e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo 9 do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxección ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1634/1980, artigo 14, e co 2617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes, resolveu,

Autorizar a *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* a instalación dunha L.M.T., un C.T. e R.B.T. en Sameán-Arcade, concello de Soutomaior.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.

Pontevedra, 30 de outubro de 1996.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

## CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

*Resolución do 10 de outubro de 1996, da Secretaría Xeral da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, pola que se fai pública a adxudicación do concurso público para a contratación da subministración consistente na adquisición de reactivos, instrumental e equipamento de laboratorio.*

Por Resolución do 13 de xuño de 1996, da Secretaría Xeral da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, anunciouse o citado concurso público.

Cumpridos os trámites regulamentarios en materia de contratación administrativa, o titular da consellería resolveu adxudicarlles as subministracións ás empresas:

-Lote 1: reactivos para o diagnóstico serolóxico de leucoses bovina enzoótica.

*Rhône Mérieux, S.A.*, por un importe de cinco millóns oitocentas trinta e unha mil cincocentas pesetas (5.831.500 ptas).

-Lote 2: reactivos para o diagnóstico serolóxico da enfermidade de Aujeszky.

*Ingenasa*, por un importe de tres millóns setecentas cincuenta e unha mil duascenas quince pesetas (3.751.215 ptas).

-Lote 3: reactivos para o cultivo e identificación dos xermes en análises bacteriolóxicas.

Declárase deserta a contratación por seren excluídas as empresas presentadas por defectos na proposición (non presentaron unha oferta total polo lote senón só precios desagregados).

-Lote 4: 2 estufas para cultivos celulares con CO<sub>2</sub> e refrixeradas e 1 estufa para cultivos bacterianos con CO<sub>2</sub>.

*Eritak Technology, S.L.*, por un importe de cinco millóns novecentas cincuenta mil pesetas (5.950.000 ptas).

-Lote 5: 1 dispensador automático de microplacas e 1 lavador de placas.

*Ramón Costoya, S.L.*, por un importe de dous millóns setecentas setenta e sete mil duascenas cincuenta e oito pesetas (2.777.258 ptas).

-Lote 6: equipamento de mobiliario.

*Romero Muebles Laboratorio, S.A.*, por un importe de dous millóns seiscentas cincuenta mil pesetas (2.650.000 ptas).

O que se fai público para os efectos previstos no artigo 94.2º da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 1996.

P.D. (Orde 13-12-1993, DOG nº 239, 14-12-1993)

Antonio L. Rosón Pérez

Secretario xeral da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

*Resolución do 25 de outubro de 1996, do Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural de Lugo, pola que se anuncia a toma de posesión definitiva dos predios de substitución na zona de Teivilide (Samos-Lugo).*

Ponse en coñecemento de tódolos interesados na concentración parcelaria da zona de Teivilide (Samos-Lugo), que co obxecto de que tomen posesión delas, pónense a disposición dos respectivos propietarios os predios de substitución, fixándose como data límite, para a dita toma de posesión, o 30 de novembro de 1996, por falta de acordo do propietario delas e o novo adxudicatario do predio en que se atopen.

Segundo establece o artigo 46 da Lei de concentración parcelaria para Galicia, do 14 de agosto de 1985, no prazo de trinta días hábiles, contados desde o 1 de decembro de 1996, os interesados poderán reclamar, acompañando dictame pericial de todos e cada un dos predios, sobre diferencias superiores ó dous por cento, entre a cabida real dos novos predios e o que consta no expediente de concentración.

De acordo co artigo 45 da devandita lei, o propietario que non permita a toma de posesión dos predios, será obxecto de compulsión directa, logo do apercibimento ou instrución dun expediente incoado para o efecto.

Así mesmo, ponse en coñecemento de todos, que a posesión dos predios de substitución outorga a aqueles que no acordo de concentración figuren como adxudicatarios, os medios de defensa establecidos polas leis. Advírtese que todo aquel que non abandone a posesión na data antes fixada, poderá verse privado das colleitas, por falta de acordo do adxudicatario.

Lugo, 25 de outubro de 1996.

Fernando López Gutiérrez

Xefe do Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural

*Resolución do 31 de outubro de 1996, do Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural de Lugo, pola que se anuncia a toma de posesión definitiva dos predios de reemprazo na zona de Burgo de Negral (Friol-Lugo).*

Ponse en coñecemento de tódolos interesados na concentración parcelaria da zona de Burgo de Negral (Friol-Lugo), que co obxecto de que tomen posesión deles, pónense á disposición dos respectivos propietarios os predios de reemprazo, fixándose como data límite, para a dita toma de posesión, o 31 de decembro de 1996, a falta de acordo do propietario deles e o novo adxudicatario do predio en que se atopen.

Segundo establece o artigo 46 da Lei de concentración parcelaria para Galicia, do 14 de agosto de 1985, no prazo de trinta días hábiles, contados desde o 1 de xaneiro de 1997, os interesados poderán reclamar, acompañando dictame pericial de todos e cada un dos predios, sobre diferencias superiores ó dous por cento, entre a cabida real dos novos predios e a que consta no expediente de concentración.

De conformidade co artigo 45 da devandita lei, o propietario que non permita a toma de posesión dos predios, será obxecto de compulsión directa, logo de aperebimento ou instrucción dun expediente incoado para o efecto.

Así mesmo, ponse en coñecemento de todos, que a posesión dos predios de reemprazo outorga a aqueles que no acordo de concentración figuren como adxudicatarios, os medios de defensa establecidos polas leis. Advírtese que todo aquel que non abandone a posesión na data antes fixada poderá verse privado das colleitas, a falta de acordo co adxudicatario.

Lugo, 31 de outubro de 1996.

Fernando López Gutiérrez  
Xefe do Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural de Lugo

*Aviso do 17 de outubro de 1996, da Xefatura de Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural da Coruña, da toma de posesión provisoria de predios da zona de concentración parcelaria de Arzúa–A Mella–Viladavil (Arzúa–A Coruña).*

Rematada a publicación do acordo de concentración parcelaria da zona de Arzúa–A Mella–Viladavil (Arzúa–A Coruña) e non excedendo o número de recursos presentados e pendentes do seis por cento dos titulares das explotacións, nin representando os reclamantes máis do dez por cento da superficie concentrada, a Dirección Xeral de Estructuras e Desenvolvemento Rural resolveu dar posesión provisoria dos novos predios. A meritada toma de posesión é obrigatoria para tódolos interesados e enténdese, sen prexuízo das rectificacións que procedan como consecuencia dos recursos que prosperen (artigo 44 da Lei de concentración parcelaria para Galicia).

Os interesados poderán reclamar ante esta xefatura (edificio administrativo, Praza Luis Seoane, s/n, 15008 A Coruña) xuntando dictamen pericial, sobre diferencias superiores ó dous por cento entre a cabida real dos novos predios e o que conste no expediente de concentración, dentro dos trinta días seguintes ó da publicación do presente aviso no *Diario Oficial de Galicia* (artigo 46 da Lei de concentración parcelaria para Galicia).

Para os oportunos efectos establécense os seguintes prazos de toma de posesión:

a) Labradío sen colleita pendente, prados e pasteiros o día seguinte ó da publicación deste aviso no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Os restantes predios, no momento de seren retiradas as colleitas que estiveran pendentes de recolección no día antes citado.

c) En relación coas árbores existentes nos predios recoméndase, na medida do posible, chegar a un acordo entre achegante e adxudicatario; no caso contrario, poderán ser retiradas polos propietarios das parcelas de achega dentro dos catro meses seguintes á publicación do presente aviso no *Diario Oficial de Galicia*, logo de petición á Xefatura de Servicio de Montes e Industrias Forestais do preceptivo permiso e o informe favorable do Servicio de Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes no caso de seren especies autóctonas protexidas. Transcorrido o referido prazo entenderase que pertencen ó propietario do novo predio.

A Coruña, 17 de outubro 1996.

Rogelio del Valle Muñoz–Cobo  
Xefe do Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural da Coruña

*Aviso do 31 de outubro de 1996, da Xefatura de Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural da Coruña, da aprobación do acordo de concentración parcelaria da zona de Rodeiro–Bandoxa (Oza dos Ríos–A Coruña).*

Ponse en coñecemento dos interesados na concentración parcelaria da zona de Rodeiro–Bandoxa (Oza dos Ríos–A Coruña), declarada de utilidade pública e urxente execución polo Decreto 2124/1980, do 29 de agosto (BOE nº 246, do 13 de outubro de 1980).

Primeiro.—Con data 30 de xullo de 1996, o director xeral de Estructuras e Desenvolvemento Rural da Coruña, aprobou o acordo de concentración da zona de Rodeiro–Bandoxa (Oza dos Ríos–A Coruña), logo de introducir no proxecto as modificacións oportunas en vista do resultado da enquisa deste último.

Segundo.—O acordo de concentración, estará exposto ó público no concello de Oza dos Ríos e nos lugares de costume da parroquia durante trinta días hábiles, contados desde o seguinte ó da última publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP.

Terceiro.—No prazo de trinta días que se din, cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, podendo os recorrentes presenta-lo recurso na Xefatura de Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural (edificio administrativo de Monelos, s/n, 6ª Planta, A

Coruña), nas oficinas centrais da consellería (San Caetano, s/n, Santiago de Compostela) ou en calquera das dependencias ás que fai referencia o artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expresando no escrito un domicilio dentro do concello para facerlle as notificacións que procedan, e, se é o caso, a persoa residente nel a quen teñan que facerse as notificacións.

Advírtese, ademais, que o acordo de concentración parcelaria só poderá ser obxecto de recurso de alzada se se infrinxen as formalidades prescritas para a súa elaboración e publicación ou se non se axustase ás bases (artigos 36, 38, 40 e 41 da Ley de concentración parcelaria para Galicia).

A Coruña, 31 de outubro de 1996.

Rogelio del Valle Muñoz-Cobo

Xefe de Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural da Coruña

## CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS

*Resolución do 15 de novembro de 1996, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se anuncia concurso público, por procedemento aberto e trámite de urxencia, para a contratación dos servizos de cafeterías, perruquerías e podoloxía nos centros dependentes desta delegación provincial.*

Esta delegación provincial en virtude do disposto na Orde 22 de maio de 1996, sobre delegación de atribucións nos órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, unha vez cumpridos os trámites administrativos correspondentes, resolve anunciar concurso, por procedemento aberto e trámite de urxencia, para a contratación dos seguintes servizos de cafeterías, perruquerías e podoloxía:

Servicio de cafeterías.

\* Prezo mínimo de explotación: 12.000 ptas. (doce mil pesetas) anuais:

–Centro social de Baiona.

–Centro social do Calvario.

–Centro social de Rivera Atienza.

–Centro social de Tui.

–Residencia da 3ª idade de Campolongo.

–Residencia da 3ª idade do Meixoeiro.

Servicio de perruquerías.

\* Prezo mínimo de explotación: 6.000 ptas. (seis mil pesetas) anuais:

–Fogar da 3ª idade de Pontevedra: perruquería de cabaleiros.

–Fogar da 3ª idade de Redondela: perruquería de cabaleiros.

–Fogar da 3ª idade de Vigo: perruquería de cabaleiros.

–Residencia 3ª idade de Meixoeiro: perruquería donas e cabaleiros.

–Centro social de Vilagarcía de Arousa: perruquería donas e cabaleiros.

–Centro social do Porriño: perruquería donas e cabaleiros.

Servicio de podoloxía.

\* Prezo mínimo de explotación: 6.000 ptas. (seis mil pesetas) anuais:

–Fogar 3ª idade de Pontevedra.

–Fogar 3ª idade de Vigo.

–Centro social de Pontearreas.

–Centro social de Baiona.

–Centro social de Vilagarcía de Arousa.

–Residencia 3ª idade Meixoeiro.

1. Exposición de documentación: os pregos de cláusulas administrativas particulares e demais documentación técnica poderá ser examinada nas delegacións provinciais da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais das 10 ás 14 horas nos días hábiles.

2. As propostas económicas axustaranse ó modelo que figura unido como anexo ó prego de cláusulas administrativas.

3. Lugar: a presentación de propostas farase no rexistro da Delegación Provincial de Pontevedra ou nas súas dependencias en Vigo, avenida Cánovas del Castillo s/n, en sobres pechados ou por correo con xustificación da data de imposición e a comunicación o mesmo día ó órgano de contratación mediante telegrama ou telefax.

4. Prazo de presentación de propostas: comezará o día seguinte ó da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará ós 15 días hábiles ás 14 horas.

5. Apertura de propostas: será realizada pola mesa de contratación o sétimo día natural seguinte ó do final do prazo de presentación de propostas na sala de xuntas da Delegación Provincial de Pontevedra nas súas dependencias de Vigo avenida Cánovas del Castillo s/n ás 10 horas en acto público.

Se coincidise ese día en sábado ou festivo, reunirase o primeiro día hábil seguinte.

6. Documentación que presentaran os licitadores: a esixida na cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas particulares.

7. O pagamento deste anuncio será por conta do adxudicatario.

Vigo, 15 de novembro de 1996.

P.D. (Orde 22-5-1996)

Jorge García-Borregón Millán  
Delegado provincial de Pontevedra

*Cédula do 4 de novembro de 1996, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se comunica o acordo dictado polo secretario xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais con data 17 de setembro.*

Pola presente cédula notifícolles ás persoas que a continuación se relacionan que con data 17 de setembro de 1996 dictou acordo o secretario xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais no que autoriza, ó abeiro da disposición adicional cuarta do Decreto 288/1996, do 18 de xullo, sobre competencias e procedemento para a autorización de apertura de oficinas de farmacia, a ampliación por un período de catro meses do prazo inicialmente establecido para a resolución dos expedientes de autorización de apertura de oficinas de farmacia instados nesta provincia da Coruña.

-Solicitante: Juana María Anca Meizoso.

DNI: 32.640.975.

Enderezo: descoñecido.

-Solicitante: María Dolores Fernández Gómez.

DNI: 33.802.328.

Enderezo: descoñecido.

-Solicitante: Josefa Fernández Quinteiros.

DNI: 34.952.004.

Enderezo: descoñecido.

-Solicitante: Susana García Rodríguez.

DNI: 76.355.767-E.

Enderezo: descoñecido.

-Solicitante: María Eugenia Lago Lema.

DNI: descoñecido.

Enderezo: descoñecido.

-Solicitante: Nuria Leira Vidal.

DNI: 76.412.232-E.

Enderezo: descoñecido.

-Solicitante: Lourdes Mourelle Mosqueira.

DNI: 33.237.787.

Enderezo: descoñecido.

-Solicitante: Isabel Rey Gómez-Serranillos.

DNI: 33.293.652-W.

Enderezo: descoñecido.

-Solicitante: Paloma Sendón Rico.

DNI: 32.772.577.

Enderezo: descoñecido.

-Solicitante: Raquel M<sup>a</sup> Vázquez Mourelle.

DNI: 76.364.988.

Enderezo: descoñecido.

A Coruña, 4 de novembro de 1996.

Diego Bernal Llorente  
Delegado provincial da Coruña

*Cédula do 4 de novembro de 1996, do Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública da Dirección Xeral de Saúde Pública, pola que se notifica a resolución do expediente sancionador 14/1996 por infraccións en materia sanitaria.*

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselle á persoa que no anexo se menciona, cos datos e derradeiro enderezo coñecido, a resolución do expediente sancionador 14/1996, por infraccións en materia sanitaria, iniciado na Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais de Ourense.

Fáiselle saber que, de acordo co título VII, capítulo II, sección 2ª, artigos 114 a 117, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, dispón do prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación desta notificación, para presentar recurso ordinario ante o conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais.

En cado de conformidade coa sanción deberá facer efectiva a multa mediante transferencia bancaria a favor do Tesouro da Facenda Galega, conta restrinxida de recadación de multas e sancións do Servizo Galego de Saúde, número 001-014017-2 do Banco Bilbao Vizcaya, sucursal de Santiago de Compostela.

Para que conste e sirva de notificación ó interesado, expido, asino e selo a presente cédula en Santiago de Compostela, 4 de novembro de 1996.

M<sup>a</sup> Sagrario Pérez Castellanos  
Xefa do Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública

ANEXO

Expediente: 14-1996.

Denunciado: *Vieira, S.A.*

Derradeiro enderezo coñecido: Quintela de Canedo, Ourense.

Feito denunciado: infracción en materia sanitaria.

Precepto:

-Infrinxido: L. 14/1986 (Xeral de sanidade); O. 2-9-1986 (Rexistro sanitario); R.d. 157/1985.

-Sancionador: Lei 14/1986 (Xeral de sanidade); Art. 2, 3, 4; do R.d. 1945/1983 (infracción e sancións).

Sanción proposta: 600.000 ptas.

### **CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA**

*Orde do 11 de abril de 1996 pola que se declara a caducidade da batea de cultivo denominado Suafer número 3, sito na cuadrícula número 24 do polígono A de Redondela.*

Visto o expediente de caducidade da concesión administrativa incoado á *S.L. Mejillones Pilo*, na súa condición de titular da concesión administrativa sita na cuadrícula nº 24 do polígono A de Redondela, onde está fondeado a batea flotante denominado Suafer nº 3 autorizado para cultivo de ostra e,

Resultando que segundo inspeccións realizadas os días 12, 14 e 15 de xullo de 1995, detectouse na batea Suafer nº 3, fondeada na cuadrícula e lugar supracitado dentro da zona III-B, grande cantidade de mexillón reparcado, procedente da zona I que naquela época estaba cerrada por existencia de toxina D.S.P.

Resultando que analizado o citado mexillón, o resultado foi positivo á presenza de toxina D.S.P. e en concentracións superiores ás regulamentariamente permitidas.

Resultando que o día 17-7-1995, e ante o grave perigo que para a saúde pública puidera ocasionalo mexillón afectado pola citada toxina, procedeuse, por parte de efectivos do Servicio de Protección de Recursos, á súa destrución.

Resultando que con data 26-7-1995, o director xeral de Marisqueo e Acuicultura dicta resolución pola que ordena que se incoe expediente de caducidade á empresa titular da citada batea.

Resultando que con data 31-7-1995, o delegado territorial da Consellería en Vigo nomea instructor do citado expediente e funda a causa de caducidade no artigo 72 F) da Lei 6/1993, do 11 de maio, e no artigo 24 F) do Decreto 423/1993, do 17 de decembro.

Resultando que con data 2-8-1995, notifícaselle o interesado a iniciación do citado expediente.

Resultando que en tempo e forma, o interesado presenta escrito de alegacións que en síntese sinala o seguinte:

-Que os feitos non son subsumibles nos preceptos indicados no acordo de incoación do citado expediente.

-Que se atenta coa resolución ós principios de tipicidade e imputabilidade.

-Que non se ten en conta a presunción de inocencia consagrada no artigo 24.1º da Constitución.

-Que non procede a caducidade da concesión.

Resultando que con data 29-10-1995, remíteselle ó interesado copia da acta de destrución dos mexillóns, subscripta por efectivos do Servicio de Protección de Recursos, así como copia do informe emitido polo director do centro de control de calidade do medio mariño.

Resultando que con data 6 de novembro o interesado presenta escrito de alegacións no que en síntese sinala o seguinte:

-Que xamais cometeu o feito que se lle imputa.

-O principio de presunción de inocencia.

Resultando que con data 23-11-1995, o instructor dicta proposta de resolución, propón a declaración de caducidade da citada concesión polos motivos antes apuntados, sendo notificada ó interesado o 24-11-1995.

Resultando que en tempo e forma o interesado presenta escrito de alegacións que en síntese sinalan o seguinte, reproducen as anteriores alegacións.

Vista a Lei de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común 30/1992, do 26 de novembro, a Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia, o Decreto 423/1993, do 17 de decembro, o Decreto 116/1995, do 31 de marzo e demais disposicións aplicables ó caso, e:

Considerando que segundo o artigo 72 F) da Lei 6/1993 e 24 F) do Decreto 423/1993, do 17 de decembro, e causa de caducidade «... os perigos para a saúde pública ... debidos ó establecemento ou ó seu funcionamento anormal».

Considerando que segundo informes e a documentación que constan no expediente, resulta acreditada a realización da conducta, a súa imputación á sociedade expedientada e a súa correcta subsunción nos preceptos indicados.

Considerando en cato ó fondo, que as alegacións do recorrente non desvirtúan nin a realidade dos feitos nin a súa imputabilidade.

Visto o anterior, esta consellería acorda, no exercicio das súas atribucións, declara-la caducidade da concesión administrativa da cuadrícula nº 24 do polígono A de Redondela, onde está fondeada a batea denominada Suafer nº 3.

A presente resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá o interesado interpoñer-lo correspondente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde a recepción da presente resolución.

Santiago de Compostela, 11 abril de 1996.

Juan Caamaño Cebreiro

Conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

## CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

*Resolución do 7 de novembro de 1996, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se fai público o depósito da acta de constitución e estatutos da Asociación Facultativa Galega de Practicantes Titulares.*

En cumprimento do disposto no artigo 4 do Real decreto 873/1977, do 22 de abril, de desenvolvemento da Lei 19/1977, do 1 de abril, e para os efectos previstos nel, faise público que no correspondente servizo desta dirección xeral foron depositados a acta de constitución e estatutos da Asociación Facultativa Galega de Practicantes Titulares, que ten os seguintes ámbitos:

Territorial: Comunidade Autónoma de Galicia.

Profesional: poderán pertencer á devandita asociación tódalas persoas físicas maiores de idade, con plena capacidade de obrar, que pertencen ó corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, escala de atención primaria e especializada—subescala de atención primaria, clase de practicantes titulares.

Asinan a acta de constitución: Carlos Barreiro Trigo e catro persoas máis.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 1996.

Juan Pedrosa Vicente  
Director xeral de Relacións Laborais

## CONSELLERÍA DE FAMILIA, MULLER E XUVENTUDE

*Resolución do 11 de novembro de 1996, da Secretaría Xeral da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, pola que se anuncia concurso público polo procedemento aberto para a contratación dun servizo para o desenvolvemento do programa Vive a Neve 97 na estación de esquí de Sierra Nevada (Granada).*

A Secretaría Xeral da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, e unha vez cumpridos trámites administrativos correspondentes, resolve anunciar—lo concurso que a seguir se cita:

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Consellería de Familia, Muller e Xuventude.

b) Dependencia que tramita o expediente: secretaría xeral.

c) Número de expediente: 15/1996.

2. Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: realización do servizo consistente no desenvolvemento do programa Vive a Neve 97, na estación de esquí de Sierra Nevada (Granada).

b) Lugar de execución: Sierra Nevada (Granada).

